

# OS GALLOS



REVISTA DE DIVULGACIÓN DA  
CULTURA MARÍTIMA E FLUVIAL



## Presentación



Xa cumprimos quince números da revista e temos que celebrar este logro cos parabéns colectivos a todos os que estamos implicados neste proxecto xa duradeiro: Á Asociación “Os Galos” pola súa feliz iniciativa de acompañar o seu obxectivo de recuperación e mantemento das nosas embarcacións tradicionais co da divulgación cultural centrada en temas marítimos e relativos á nosa vila. A todos os redactores dos traballos que nestes quince anos se foron publicando e sobre todo aos que ano tras ano nos agasallaron coa súa fidelidade e persistencia literaria e investigadora con magníficos artigos nas nosas páxinas. E todo iso, a pesar das dificultades que nos últimos tempos nos toca afrontar.

Non queremos esquecer tampouco o importante apoio “periférico” que supuxeron as institucións públicas e privadas e o desinteresado apoio e colaboración de entes comerciais e industriais da nosa contorna nesta e noutras actividades que levan a cabo “Os Galos”.

Neste número que téis na man podes coñecer personaxes que deixaron a súa impronta na nosa vila, episodios náuticos inéditos, relatos históricos, técnicas navais, coñecemento do noso entorno activo, creación literaria e xornalística con noticias novas e vellas e reseñas de eventos literarios e culturais realizados en Bueu.

Ainda que por deferencia, as actividades da nosa Asociación ocupan sempre as últimas páxinas, estas teñen importancia fundamental pois reflicten os traballos, actividades e sentires do colectivo de persoas que a conforman e que son a razón da súa existencia. E neste ser e sentir colectivo temos que abundar na gran preocupación pola demora que está a sufrir o remate definitivo do asteleiro de Purro coa musealización e reintegro das pezas, ferramentas e máquinas que lle dan sentido a esta instalación e infraestrutura, sen as cales non se entende a súa finalidade primixenia.

Finalmente, non queremos esquecer tampouco as simpatías e apoios das xentes no noso labor, xa coa súa presenza física nos eventos que organizamos ou a acollida de produtos como esta revista que contribúen ao noso mantemento. A todos parabéns e grazas.

\*Desta vez e como sinaladores dos diferentes artigos, optamos por reproducir algunhas das “marcas de propiedade” usadas antano polos pescadores poveiros e guardeses e que forman parte do noso patrimonio marítimo.

**Dirección:** Ana Gil

**Redacción:**

Arturo Sánchez Cidrás

Carlos Roberto de Pacho

Celestino Pardellas de Blas

Francisco Rodríguez Pastoriza

Humberto V. Santiago Esperón

Isidro Cortizo del Río

Luis Davila

Lino J. Pazos

Lucía Novas

Salvador Rodríguez

Xaime Toxo

Xerardo Dasairas Valsa

**Maquetación:** O’Xedas

**Impresión:**

DC Artes Gráficas

D. L. PO-459/2006


**Edita:**

Asociación “Os Galos” Bueu

## INDICE

	Páx.
<b>Ricardo Bescansa</b> .....	3
<b>Asalto inglés a Ons</b> .....	9
<b>Humor Luis Davila</b> .....	12
<b>Sinistros marítimos en Ons</b> .....	13
<b>Poemas de Lucía Novas</b> .....	16
<b>Os arrastreiros por popa</b> .....	17
<b>Cantiga do que non quere volver</b> .....	22
<b>A Pedra do Destino</b> .....	23
<b>A Batalla de Glen Shiel</b> .....	25
<b>Xulio Formoso</b> .....	33
<b>Conversas no Varadoiro</b> .....	41
<b>Viaxe pola costa galega</b> .....	45
<b>O alento do tempo</b> .....	49
<b>Illa de Ons</b> .....	53
<b>Barcos de Papel</b> .....	58
<b>Actividades de “Os Galos”</b> .....	62

## A foto do ano... 1920



Esta imaxe xa foi recollida no libro de J. M. Estévez e foi publicada na revista Vida Gallega o 20 de setembro de 1920 polo que debe enmarcarse nos comezos deste mes ou nos finais de agosto. Non consta o fotógrafo e sabemos que xunto co concurso de natación, no que participou esta media ducia de anónimos nadadores, tamén houbo competición de traíneiras. Agora ofrecémola, coa pertinente actualización, como lembranza dun tempo en que os deportes de mar eran imprescindibles nas celebracións festivas, iso si, con permiso do fútbol que xa estaba tamén asentado en Bueu nestas datas.

**Únete e colabora!**

**Faite soci@ cubrindo esta solicitude:**



**Asociación de Amig@s  
das Embarcacións  
Tradicionais**

Nome e apelidos \_\_\_\_\_ C. P. \_\_\_\_\_

Enderezo \_\_\_\_\_ Provincia \_\_\_\_\_

Concello \_\_\_\_\_ Correo E-mail \_\_\_\_\_

D. N. I. \_\_\_\_\_ Telf. \_\_\_\_\_

-O/A solicitante expón que quere formar parte desta Asociación co fin de promover difundir e valorar o patrimonio marítimo, conservando e recuperandoas embarcacións tradicionais da nos zona.

-Acepta os Estatutos e acordos da Xunta Directiva, elixida polos socios, tendo dereito a participar nas asembleas e actividades que se realicen.

-Asume a obriga de contribuir cunha cota de 15 € anuais para adultos e 1 € para menores de 16 anos.

-Fará efectivo o pago mediante o ingreso da cota na conta de Abanca **2080 5412 74 3040106599** especificando o seu nome e apelidos.

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_  
Sinatura



# Ricardo Bescansa Castilla (1888-1965)

## Un bueués na industria químico-farmacéutica

*Arturo Sánchez Cidrás*

En Bueu aínda hai quen se lembra dos Bescansa ligados ao pazo de Santa Cruz pero poucos son os que coñecen a orixe desta unión e moitos menos os que saben que un dos seus membros máis significados é nado en Bueu.

Comezaremos por pescudar sobre a chegada da familia Bescansa a Bueu. Para iso temos que remontarnos á primeira metade do ano 1887. Ricardo Bescansa Bescansa, un rapaz novo que cinco anos atrás se licenciara en Farmacia (16-2-1882) pola Universidade de Santiago e que posteriormente se doutorara pola Universidade Central de Madrid

achégase a Bueu coa intención de instalar unha Botica. Para iso aluga unha casa situada na rúa da Praia nº 115, actual Montero Ríos, que pertencía a Carmen Agulla Solabarrieta, casada co médico, Manuel Pérez Lapido. Correspóndese coa actual casa de “Cabanillas”, ao lado oeste das dependencias do Museo Massó no que no seu momento fora fábrica de salga coñecida como “Almacén de Piñeiro”<sup>1</sup>.


O 22 de marzo de 1887, Ricardo Bescansa presenta unha instancia no concello, acompañada dos documentos esixidos, para que o señor Alcalde lle solicite ás autoridades competentes a data para que se



<sup>1</sup> As pías pódense observar hoxe en día como dependencia anexa ao Museo Massó.

practique a inspección previa que se precisa para abrir a “oficina de farmacia”.

Nos documentos que adxunta están a compulsa notarial do título de Farmacia así como dun plano simple onde se aprecia de forma clara as tres partes consideradas imprescindibles na época: A zona de atención ao cliente, a propia farmacia e o Laboratorio para a preparación de “fórmulas maxistras”, lugar que tamén serviría de 'rebotica' ou zona de faladoiro. Así mesmo na documentación tamén hai un minucioso listado tanto de “substancias simples” para realizar as fórmulas maxistras, como “de medicamentos compostos e oficinais” sen esquecerse dos aparellos e instrumentos para un bo funcionamento do laboratorio: Alambiques, balanzas, retortas, matraces, fornos portátiles, etc.



Esbozo da botica

médicos da localidade: Manuel Pérez Lapido, José Massó Ferrer e Manuel Riobó Guimeráns. A inspección foi máis minuciosa do esperado xa que durou dúas horas pero, como era previsible, rematou coa certificación favorable da inspección e do concello.

Cando faltaba moi pouco para cumprir un ano coa farmacia aberta, nun día agridoce para a familia Bescansa, naceu o noso personaxe Ricardo ...

Ricardo Demetrio José Bescansa Castilla, nace na rúa da Praia ás nove da noite dun xoves, dous de febreiro de 1888. A súa nai, Engracia Castilla

Durán, tivo un parto dificultoso pois foi na casa, eran xemelgos e, para complicalo máis, un deles estaba morto.

Se nos remontamos ás orixes familiares do neno, veñen, polos Bescansa, da poboación Navarra de Sangüesa e, polos Castilla da oscense Calviá, pero ambas asentadas facía máis de corenta anos na Coruña e Pontevedra, respectivamente. Ricardito pasou os seus primeiros anos tendo como “parque de xogos” o areal da praia que estaba fronte a vivenda-botica. Pero a estancia da familia Bescansa-Castilla en Bueu foi relativamente curta, uns oito anos, xa que desde xuño de 1895 estaba de farmacéutico Luís Prieto Mesía que establecera a súa botica na rúa do Príncipe nº 136, actual Eduardo Vincenti, que a adquirira, por compra ante notario, a Ricardo Bescansa Bescansa, pai do noso protagonista.

E será a partires dos oito anos cando Ricardo Demetrio Bescansa Castilla tome contacto, que será definitivo, coa cidade de Santiago de Compostela. Nela comezará o seus estudos primarios, secunda-



D. Perfecto Feijóo

Como era de esperar, a resposta por parte das autoridades foi rápida, pois a farmacia xa estaba totalmente operativa e urxía o visto bo. Así tres días despois, ás 9 da mañá do 25 de marzo de 1887 están para facer a inspección o Subdelegado de Farmacia para Pontevedra, o coñecido farmacéutico D. Perfecto Feijoo Poncet, acompañado do alcalde de Bueu, Jaime Bolívar, e como testemuñas os



rios e rematará na universidade compostelá licenciándose en Farmacia.

No 1909, cando tiña que presentarse no alistamento para o servizo militar, aparece nas listas de Bueu pois aquí nacera. Pero na Acta da sesión de alistamento fíxose constar, por parte do Síndico, que levaba máis de dez anos sen residir entre nós, xa que o facía na casa dos seus país en Santiago de Compostela polo que non houbo problema para excluído e que este fora formando parte dos mozos a quintas do concello compostelán.



A Farmacia Bescansa en Santiago

Ao ano seguinte, 9 de marzo de 1910, na capela santiaguesa do Pilar, casa con Felisa Martínez Sampelayo. Por esas datas xa levaba un tempo traballando co seu pai no que aínda hoxe é Farmacia Bescansa da Praza do Toural no casco vello santiagués. Farmacia que fora fundada en 1843 polo catedrático e Reitor da Universidade Antonio Casares Rodríguez. Esta a herdara o seu fillo, Demetrio Casares Teijeiro que lla vendeu ao seu parente Ricardo Bescansa Bescansa. Ademais do vínculo familiar, a relación de Demetrio Casares con Ricardo Bescansa (pai) era grande pois lle puxo como segundo nome o de Demetrio, na súa honra, tal e como consta na partida de nacemento.

Ricardo Demetrio, seguindo a estela do seu avó Fermín Bescansa Medioroz que en 1812 instalara un laboratorio de farmacia na Coruña, decide crear (1917) un laboratorio nunha dependencia anexa á farmacia R. Bescansa. Este sería xérmolo dunha industria farmacéutica con produtos moi coñecidos en moitos países do mundo. Pouco despois, os Laboratorios R. Bescansa montaron unha fábrica en Vilagarcía para obter específicos derivados das algas como laxantes, pastillas dixestivas, etc.

Hoxe, os seus herdeiros, teñen factoría no polígono de Tambre-Santiago de Compostela e continúa con renovados produtos farmacéuticos e cosméticos.

A calidade dos seus preparados pronto atoparon recoñecemento internacional, como o que acadou a Loción capilar “Tornatón” que na “Exposición de Economía Doméstica” celebrada en París, obtivo a



medalla de ouro e cruz insigne. Ricardo D. J. Bescansa Castilla soubo conxugar a investigación, o mundo da saúde, a visión empresarial e a mercadotecnia. Foi pioneiro na publicidade utilizando recursos novidosos e altamente sofisticados para a época, ademais da propaganda en case todos os xornais e revistas. Como mostra, algún exemplo significativo como o acontecido o 9 de marzo de 1928, en Madrid “varias señoritas vestidas de enfermeiras, repartiron polas rúas

mostras gratuítas do laxante Bescansa”. Foron unhas 80.000 doses. Espertou un grande rebumbio e saíu a noticia en toda a prensa e ata se chegaron a sortear nos principais cines españois centos de bonecas “repartidoras do Laxante Bescansa”. Ou como nas festas do



apóstolo de 1933 a avioneta de “LAXANTE BESCANSA” (as letras ían pintadas na parte inferior das ás) evolucionou por todo Santiago antes de dirixirse ás praias do norte da provincia.



A empresa farmacéutica cada poucos anos sacaba ao mercado novos ou actualizados produtos dentro da liña de xaropes, laxantes, etc. que teñen a peculiaridade de seren elaborados a partires de produtos naturais, e non era raro ler publicadas autorizacións para a venda destes. Por exemplo, no maio de 1937 cando a Xunta Provincial de Economía e Abastos da Coruña autorizaba a Ricardo Bescansa para vender o frasco de “jarabe Riche al precio de 6 pts. Incluído timbres”.

Ou ao ano seguinte, tamén en maio, dábase autorización para a súa venda ao público do produto Laxante Bescansa Normal UM. E así poderíamos seguir unhas cantas veces máis ao longo da traxectoria destes Laboratorios. No seu labor de empresario tamén hai que sinalar o seu papel de socio fundador en 1926 da sociedade Hotel Compostela S.A. do que posteriormente sería o Presidente do Consello de Administración durante dous lustros.

Pero o papel humano e social de Ricardo D. Bescansa non se cinguiu ao seu labor como boticario ou coma industrial empresario farmacéutico pois ao longo de máis dun decenio tivo períodos de participación activa na gobernanza municipal da súa cidade de acollida. Comezou, sendo alcalde José Díaz-Varela Losada, naquel xaneiro de 1926 en que se precisaba cubrir cinco vacantes de concelleiros e o gobernador civil nomeouno xunto a outros catro. Á semana seguinte xa se ocupaba da carteira de Hixiene dentro da Comisión permanente municipal.



Hotel Compostela



FARMACIAS  
PTAS. 2.10

Modernas y potentes máquinas trabajan diariamente produciendo millones de comprimidos del

**Laxante**  
**Bescansa**

Algo semellante lle ía a ocorrer no 1936 ao ser nomeado como membro da comisión xestora. Ao longo do tempo (no 1940 seguía de concelleiro) pasou por diversos postos de relevancia na actividade municipal do consistorio santiagués, entre eles, como tenente de alcalde.

No seu labor coa cultura cabe destacar o apoio á mesma dentro do concello pero sobre todo como Presidente do Casino compostelán, patrocinando eventos e entidades deportivas ou coa creación da Revista de contidos médico-farmacéuticos: “Archivos Bescansa”.

No campo das artes deulle unha grande sorpresa ao público xeral compostelán, que non coñecía a súa faceta de acuarelista, cunha exposición no Salón Isabelino (Salón Amarelo) do Casino de Santiago.

Esta exposición coincidiu no tempo (1943), ou máis ben se fixo por iso, co centenario da Farmacia Bescansa. Na loa que na prensa se fai das trinta obras expostas cabe destacar: “Ricardo Bescansa, químico e alquimista e por tanto buscador da pedra filosofal, é ao mesmo tempo un temperamento que sinte e expresa con toda plenitude a emoción da arte. A súas augarelas frescas, límpidas, serenas e transparentes son unha interpretación fidedigna da paisaxe galaica...”

Outra faceta, esta si máis coñecida en Santiago, era a de benfeitor en favor dos máis desfavorecidos da vida santiaguesa pois, para paliar as necesidades destes, aportaba cuantiosos fondos a todas as institucións de caridade e comedores sociais da cidade: “Auxilio Social”, “Cáritas”, Asilo, etc. Soado era o amparo dos comedores extraordinarios con “sobremesa ás dúas comidas” nas festividades relevantes, como o Nadal.





Pazo de Santa Cruz

### **Ricardo volve á orixes...**

Ricardo sempre debeu ter unha carencia coa súa terra natal, un sentimento de pertenza a un lugar aniñado no seu corazón que de feito, cando puido, fíxose co maior emblema patrimonial civil de Bueu como é o pazo de Santa Cruz. A familia Pimentel entroncara cós De la Rúa, construtores do pazo, cando Casimiro Antonio Pimentel Soutomaio casou con Juana Luisa De La Rúa Aldao y Taboada Mondragón. Pero sería o seu fillo Pedro Pimentel Soutomaio Rúa e Aldao o primeiro Pimentel que tomara posesión do Morgado da casa de Santa Cruz e Castrelo en 1808; logo pasaría a Melitón Pimentel Soutomaio Alfeirán casado con Andrea Abeleira e, no primeiro terzo do século vinte, vivía nel o maxistrado Joaquín Pimentel Abeleira e a súa muller María Gil e unha parte da súa familia (filla Josefina, fillo Luís, nora Concepción e neta M<sup>a</sup> Luisa).

Ante a precariedade de espazo o seu fillo Luís, médico de profesión, pasou a vivir coa súa familia, primeiro en Pescadoira e logo á rúa Eduardo Vincenti na casa que fora da mestra Matilde Bares. Pouco tempo despois morren os pais; en novembro de 1933 María e agosto de 1935, Joaquín Pimentel. Aos problemas de reparto da herdanza e a que a filla comezou a padecer o illamento e precariedades do

pazo, fixeron que optaran pola venda do mesmo.

Tanto Luís Pimentel Gil coma o seu irmán Joaquín, farmacéutico, eran coñecidos de Ricardo Bescansa pola procedencia e por ser este último compañeiro de facultade. Polo que cando puxeron á venda o pazo chegaron rapidamente a un acordo que se plasmou coa merca do mesmo en escritura pública o 18 de xaneiro de 1945, pola cantidade de 150.000 pesetas.

Tras unha reconstrución dirixida polo arquitecto Robustiano Cochón, Santa Cruz pasou ser un lugar de repouso e veraneo da familia Bescansa.

Durante anos o pazo foi punto de reunión de familiares e amigos, principalmente a finais de setembro na celebración da festa de Santa Efixenia, santa negra que se venera dende 1941 na capela que esta ten.

Entre os amigos máis próximos de Bueu estaban os irmáns Francisco e Salvador Lago Carballal, Ángel Maneiro, Padín e o matrimonio Francisca Bolívar Sequeiros e José M<sup>a</sup> Castroviejo Blanco-Cicerón. Pero entre o centenar de comensais tamén estaban as familias dos Vázquez Molezún, Condes de Bugallal, do Conde de Canalejas (Julián Pérez Estes), de Martínez de la Riva, de García Borregón, de López Companioni e un longo etcétera da sociedade galega.



Celebración de Santa Efixenia





Portalón cos músicos en Santa Cruz

O alcalde de Bueu, José M<sup>a</sup> Massó García, escribelle unha carta a Ricardo Bescansa en calidade de alcalde e amigo para indicarlle que había pouco tempo fora inaugurada a capela dos Santos Reis (4-10-1953) e que para a mesma se precisaban “*catro músicos [...] ou ben dous músicos e dous santos*” que da antiga capela dos Santos Reis “*Temos antecedentes de que D. Melitón Pimentel recolleu dez destas figuras en pedra, hai 50 ou 60 anos, colocándoas en Sta. Cruz*”. Logo indicálle que no caso de doalas, ao igual que tiñan feito algúns veciños



Pazo de Santa Cruz

con outros elementos, constarían todos nunha placa de bronce. Non temos constancia de resposta oficial ou particular a este requirimento pero si coñecemos que non houbo tal doazón. Quizais fora por non desprenderse dun ben particular que estaba adornando unha das portas do pazo e/ou porque, tal como lle indicaba o alcalde, servirían para colocalas na parte traseira da capela o que Ricardo puido considerar como lugar pouco relevante.

A familia Bescansa mantivo a propiedade do pazo durante uns 37 anos. Pasou, por herdanza, a mans dos seus fillos a partires de 1965 e, a inicio do anos oitenta do século XX, foi vendido por estes a Germán Cervas Díez.

Polo traballo e esforzo empresarial o bueués Ricardo Bescansa gozou dun amplo recoñecemento social e profesional. E tamén de grandes alegrías persoais como o seu matrimonio con Felisa Martínez coa que tivo sete fillos, e do papel exitoso destes no mundo empresarial, da medicina, avogacía, etc. Esta alegría, como avó que foi, viuse reforzada por unha morea de netos e bisnetos.



Pero tamén a dor da separación dos achegados como o seu pai, a súa nai (1945), o seu irmán José (1938), etc. fixo efecto no ánimo e na saúde de Ricardo Demetrio José Bescansa Castilla, sobre todo coa morte da súa muller (7-11-1961) data de referencia onde a súa saúde comezou a ter problemas que, con altibaixos, o levaron ao seu pasamento o 14 de novembro de 1965. Santiago de Compostela perdeu a un dos seus benfeitores e Bueu a un dos seus fillos.



# Veciños de Bueu rexeitan asalto inglés para facerse cun barco varado na praia

Lino J. Pazos

Atopándose na badía de Porto, o capitán do quechamarín nomeado *San Buenaventura*, Roque Ballón, veciño de Fisterra, “estanco de aguas, bien recorrido, pertrechado y con suficiente tripulación para navegar, se le contrató y fletó por Juan Bautista Pérez Santa Marina para conducirle un cargamento al Puerto del Carril, y puesto a bordo salió en la noche del día 10 de marzo de 1808, por hallarse a la vista buques ingleses bloqueando el puerto, perdiendo a la salida de la barra un cable y ancla, dimanado de que, por ser mucha la corriente y mar, y advertido por el práctico de ella, se iba el barco encima de las peñas, tuvo por disposición de dicho práctico se picase dicho cable que así se verificó, supuesto de maniobrar para levantarla se iba a caer precisamente en las peñas, resultando por consiguiente la pérdida de vidas, buque y cargamento, prefiriéndose por lo tanto la del cable y ancla”.<sup>1</sup>

A singradura xa empezara mal, pero ía empeorar cando se achegara á costa de Galicia, véndose obrigado a navegar aterrado para evitar aos barcos ingleses, logrando dar vista ás Illas de Ons, “advirtiéndose que en ellas se encontraban fondeados dos navíos y un bergantín de guerra británicos, observando que de los mismos salían dos lanchas equipadas dirigiéndose a su quechamarín”.

Inglaterra, en guerra con España desde 1804<sup>2</sup>, mantiña sobre a costa galega unhas cantas unidades navais, entre elas as fragatas *HMS Venus*, *Lively* e *d*, ademais de cruzala numerosos corsarios que arboraban o pavillón da Unión Jack<sup>3</sup>, e que procuraban dar caza e apresar os barcos que navegaban na súa zona de control; así, en xaneiro de 1807, entra en Vigo o Príncipe de la Paz<sup>4</sup> comentando que, a costa está chea de buques inimigos.

Pero non era de estrañar que os británicos puxeran aos seus buques de guerra en alerta, xa que dende a



Fragata francesa de 1825 similar ás británicas que frecuentaban as nosas costas. Debuxo de A. Brun

1 (AHPP. 1469. F. 47. Lois).

2 A guerra foi declarada despois de que os ingleses, en tempo de paz, atacaran a catro dos nosos barcos que transportaban caudales dende América, afundindo un e apresando aos outros tres, no Cabo de Santa María.

3 Aínda así e todo, o corsario francés *Amiral* do Port de Bayonne logra capturar e meter en Marín á corbeta inglesa *Alfred*, en xaneiro de 1808, o que se consideraría como unha afronta aos mariños británicos.

4 O *Príncipe de la Paz*, de 24 canóns, aparelhado de corbeta, fora armado polo corsario vigués Marcó del Pont, xunto ao seu socio Pedro Abeleira; por certo o seu capitán, Antonio Posada, morrería a bordo do seu buque durante un combate con ingleses nese mesmo ano de 1807 (Corsarios ibéricos: apuntes para una memoria marítima); ollo, non confundir co do mesmo nome, alias o *Vengador*, que operaba no Estreito.

ruptura de relacións entre os dous Estados<sup>5</sup>, e sobre todo dende o 21 de outubro de 1805 (batalla de Trafalgar), os nosos corsarios non lle daban tregua aos barcos ingleses e os seus aliados.

Así, en novembro dese mesmo tráxico ano para a nosa flota, o *Bolero*, armado en Vigo por Lapeyre<sup>6</sup>, mete en Ribadesella unha fragata inglesa de trescentas toneladas, que conducía un cargamento de azucre; en febreiro de 1806 son dous os barcos suecos atrapados en augas inmediatas á Coruña; en setembro é o corsario Guipuzcoano o que se bate cun bergantín inglés; en outubro, o *Atrevido*, e o *Madriño*, de Vigo, apresan senllos bergantíns; o 1 de novembro son os barcos corsarios *Mosca* e *Camposolo* os que levan a Vigo un bergantín inglés; o día 5 son tres os barcos ingleses que mariñados por corsarios, arriban a este porto; o 15 os corsarios vigueses *San Pedro* e *Príncipe de la Paz* levan a Vigo outros dous bergantíns...; e estes datos só se refiren á nosa costa; como para que os británicos non mandaran a súa flota de guerra a poñer orde neste corredor tan necesario para os seus intereses económicos en Portugal e a costa africana.



Pavillón británico

Mentres as dúas lanchas armadas británicas se dirixían a forza de remo e vela cara ao barco do capitán Ballón (no documento consultado dásele o trato

de patrón), este, posto de acordo coa súa tripulación, “*acordó hacer todo lo posible para no ser apresados*”, dirixindo o seu barco cara ó interior da ría buscando un lugar onde poder refuxiarse, aínda que para iso tivese que encallar o barco, “*valiéndose de dos lanchas pescadoras del Puerto de Bueu, que a esta ocasión pasaban por su costado, a fin de que le remolcasen, pues el viento no les ayudaba, lo entraron en el playal de dicho Bueu, en donde quisieron acometerle las dos embarcaciones inglesas, a no ser que, visto se juntaba la gente del Facho<sup>7</sup> para hacerle fuego, se retiraron a sus buques, subsistiendo el compareciente con el barco en aquel arenal, varado desde el motivado día 11 hasta el 17 que por su noche, no obstante de permanecer los ingleses en las Islas*”, decidiu darse á vela aproveitando un vento sur que o axudaría a conseguir o seu propósito.

Entre os veciños, que acudiron en masa á praia, atoparíanse os obreiros das fábricas de salga que xa se aliñaban á beira do mar, como as de Cristóbal Domenech, Manuela Castro, Pedro Pla, Manuel Franco ou Francisco Genaro Ángel, e os clientes da baiuca da Ruanova, armados con todo aquilo que puidesen guindar sobre os ingleses, ademais da xente da Alarma ou Facho armada con trabucos ou mosquetes.

O capitán Ballón e os homes da súa tripulación tamén empregaron as poucas armas que levaban a bordo para repeler o ataque, véndose os ingleses na necesidade de fachear as lanchas e retornar cara a Ons, dada a virulenta defensa dos paisanos. Non era a primeira vez, nin sería a última, que os veciños se unían xunto coas Alarmas para defenderen os seus intereses, como tamén farían os mariñeiros da illa de Arousa, os de Viveiro, etc.

Unha vez rexeitado o inimigo, e non atopándose seguro na praia polos “embates e resacas das ondas”, ademais de querer reparar as feridas ocasionadas no casco do barco, producidas pola varada, de-

5 España declaroulle a guerra a Inglaterra o 14 de decembro de 1804, aliándose con Francia nun intento errado de invadir a illa, asinando a paz o 14 de xaneiro de 1809, aliándose cos seus antigos inimigos, os británicos, para loitar contra Napoleón, que invadira a península.

6 Os Lapeyre (Lapeire) eran armadores de barcos corsarios, como o Bravo, alias o Bolero, que mandaba o capitán Agustín Feliparte (entre outros). Algúns autores confunden esta embarcación co Nuestra Señora del Rosario, alias o Bolero, dos Sres. Menéndez e Cía.

7 Veciños armados que se axuntaban ante os avisos das Alarmas.

terminou darse á vela a media noite, co fin de acadar o fondeadoiro do porto de Marín (19 de marzo) e “*guarecerse de su fortaleza*”, que non era outra que o castelo de San Fernando.

Este forte, que defendía o tramo de costa que batían os seus canóns, daba seguridade aos pescadores, e barcos en xeral, que en máis dunha ocasión tiveron que abrigarse baixo a súa protección ante as continuas ameazas dos barcos ingleses (máis tarde serían os franceses<sup>8</sup>). A fortaleza caería en mans galas cando foi ocupada a vila de Marín, ata que Juan Gago de Mendoza lograra, axudado polos daquela aliados británicos, que tiñan dous dos seus barcos ancorados na badía, poñelos en fuga e reconquistala o 4 de abril de 1809.

E como os ingleses seguían fondeados “*frente a Ons, recorriendo las embocaduras de las rías de Vigo y Carril*”, o capitán Ballón decidiu presentar a correspondente Protesta de Mar “*las veces necesarias por derecho sobre todos los daños, pérdidas, apresamiento de enemigos y más que es de protestar y en su indemnización, la de sus tripulación, y seguridad de la nave contra los relacionados dueños del cargamento, sus representantes, y más que a ello diese lugar, no ser responsable de la avería que*



Emprazamento do Forte de Marín

*se encuentre en la carga al tiempo de su desembarque, con miramiento a no ser ocasionada por su culpa, ni la de su gente y por venir de los accidentes manifestados, constituyendo por lo mismo responsables a los que por seguro si lo hubiese deban serlo, cuya protesta no pudo tomar en el playal de Bueu por no encontrar escribano que de ella le diese fe, aunque lo solicitó*”.

Como testemuñas que xustifiquen o relatado, o capitán Ballón presenta aos seus tripulantes, Antonio de Traba, Francisco Papín, Pedro e José Ballón, todos eles veciños de Fisterra.



8 Como lle ocorreu á Peregrina y Carmen, en xuño de 1813, cando un buque armado polo pontevedrés Isla Covián, que cargara potes de ferro en Bristol, viuse acometido por unha goleta corsaria francesa cando navegaba á altura dos Meixidos, preto de Muros, pero bo coñecedor da costa, o capitán Roque González cargou todo o trapo que aguantaba o seu barco, e non o arriou ata atoparse baixo a protección do citado forte de San Fernando (Arribadas forzosas a la ría de Pontevedra/Marín...).





# Sinistros marítimos nos arredores da Illa de Ons (II)

## ”Naufraxios menores”

*Celestino Pardellas de Blas*

Contan que o ser humano sempre se sentiu fascinado polo Universo e polo Mar. E é ben certo, especialmente polo mar, xa que o tiña preto, máis ao alcance da man. Do mar todo enfeitiza, cativa, asombra,... Podemos pasar horas e ata días enteiros mirándoo e, de seguro, que nunca nos fartaremos de ollalo nin o imos a atopar xamais igual.

Pero non só é o mar o que fascina ao ser humano, senón todo o que estea relacionado con el. Os cantís, as praias, a fauna, flora, a pesca, as embarcacións,...



**Táboa de sinistros marítimos acaecidos na Illa de Ons ou nas súas proximidades.**

NOME	DATA	LUGAR	VÍTIMAS
<i>Barco de gran porte</i>	1596	Ons?	Máis de 40
<i>Francés</i>	1604	Ons	1
<i>Brilliant</i>	04-12-1799	Cercanías Ons?	?
- <i>Raposo</i> - <i>Alcudia</i>	?-?-1801	Cercanías de Ons?	?
<i>Vizcaya</i>	1884	Ons	
<i>San Andrés</i>	18-09-1886	Ons	?
<i>San Juan Bautista</i>	20-11-1893	Ons	5
<i>Manuel</i>	14-05-1894	Ons	1
(Un patache) ¿	24-10-1900	Ons	1
<i>Carmen</i>	21-01-1918	Proximidades Ons	11
<i>Unión Pesquera</i>	1925	Ons	
<i>Pepita Sobral</i>	01-03-1928	Melide-Ons	0
<i>Constante</i>	17-10-1930	Melide-Ons	0
<i>Azaña</i>	¿-¿-1932	Ons - Sábvora	19
<i>Conde de Venadito</i>	16/06/1936	Cercanías de Ons	0
<i>Barsac</i>	09-01-1940	Onza	17
<i>Campos</i>	17-11-1942	Onza	21
<i>María Luisa</i>	10-11-1950	Onza	16
<i>Ciclope</i>	23-10-1952	Onza	7
<i>Santiago Cerviño</i>	18-11-1959	Onza	12
<i>General Mola</i>	23-12-1959	Freitosa-Ons	0
<i>Bella Otero</i>	05-08-1967	Onza	0
<i>Nuevo Maruja Costa</i>	31-10-1972	Ons	6
<i>Cordero González</i>	30-08-1975	Melide-Ons	0
<i>Soy de Ons</i>	¿-07-1979	Luxe do Crego-Ons	0
<i>Nuevo Virgen del Carmen</i>	17-02-1998	Onza	1

\* En escuro, os novos naufraxios que incluímos nesta entrega.

Pero se hai algo vinculado co mar que nos marabilla, son os Faros e a vida dos fareiros na súa soidade, sobre todo nas illas. Pero tamén hai aquilo que nos entristece del cando ocorre, pero que á vez nos seduce, como son os Naufraxios.

Na revista Os Galos nº 13 do ano 2019, comezaba o primeiro capítulo sobre este tema, os Naufraxios, coma unha homenaxe aos que perderon a vida neses sinistros ou que experimentaron a perda das súas embarcacións adquiridas con grandes esforzos económicos.

Temos claro que calquera desgraza persoal ou perda acaecida no mar, trae consigo episodios moi dolorosos e que, en moitos casos, vai afectarlles profundamente e levarano presente toda a vida. Con estes artigos só queremos que non queden no esquecemento e que sirvan de terapia para superalo.

## Outros sinistros menores nas proximidades de Ons

Chámolle así, menores, non porque carezan de importancia, senón porque non tiveron a repercusión mediática nin os estudos e investigacións que tiveron outros, quizais simplemente, pasaron máis desapercibidos, aínda que algúns sufriron importantes danos persoais e materiais.

Na primeira entrega vimos o “Vapor Vizcaya” (1884) e a motora “Unión Pesquera” (1925). Nesta segunda, ademais de ir agregando datos á táboa de naufraxios acaecidos en Ons, falaremos do “Juan Bautista”, “Manuel”, “San Andrés”, un patache, “Carmen”.

En primeiro lugar engadirémoslle á táboa os sinistros marítimos xa vistos na primeira entrega, e os estudados por Yago Abilleira (Revista AUNIOS nº 23 e 25) segundo datos recollidos da documentación do Marquesado de Mos-Valladares. Yago escribe detalladamente dun naufraxio en Ons no ano 1596, aínda que con serias dúbidas sobre o lugar exacto do sinistro. Tamén nos falou do vapor “Conde de Venadito” usado como albo e afundido preto de Ons en 1936. Tratou o naufraxio, en 1604, dun barco inglés, de nome “Francés”, que se refuxiou en Ons, pero o forte temporal acabou por afundilo. Tiña una tripulación de 19 homes e un rapaz, que foi o que faleceu no afundimento.

### **Naufraxio do bergantín-goleta “Juan Bautista”**

Temos noticia deste naufraxio o 23 de novembro de 1893, cando chegaron a Vigo tres náufragos que se salvaron cando o bergantín afundiuse á altura da Illa de Ons. Os superviventes eran Vicente Villoch, José Ripols e Vicente Fernández, veciños de Denia, pois o barco era de matrícula de Valencia.

Comentaba a prensa que Vicente Villoch foi o que logrou agarrarse a unha rochas na Illa de Onceta e dende ela pediu auxilio. Segundo parece a canoneira “Diamante”, que debía andar na procura

dos posibles náufragos, non os deu atopado. É de supoñer que o estado do mar non lle permitía achegarse o suficiente á costa, sendo imposible a súa visualización e menos escoitalo.

O cronista comenta que Villoch, amarrado a unha pequena lancha, supoñemos que inchable, e nadando, logrou gañar a costa de Onceta, onde permaneceu dous días. Detallou que lle botaban comida dende unha pequena embarcación, supoñemos que sería algunha dorna da Illa, xa que, debido ao estado do mar, non podían achegarse á zona de cantil e rochas onde se atopaba.

A noticia de prensa non é nada clara na súa explicación, pois non especifica como os outros dous

lograron ganar a costa, se estaban con el,..., e como estiveron eses días ata que foron recollidos na propia Illa de Ons por un balandro que os achegou á Pobra.

Informaron que o capitán do bergantín e catro mariñeiros desapareceron no intre do sinistro, co que deducimos que a tripulación estaba composta

por oito homes. A nova volve a deixar dúbidas, xa que informa de que foron conducidos á Pobra e, sen embargo, despois continúa a dicir: “*En la Comandancia de Marina se les dá socorro, y por el primer vapor que salga de Vigo para el Mediterráneo, serán embarcados con destino al pueblo de su naturaleza*”, non detalla como chegaron a Vigo. O “Juan Bautista” deixaría un balance de 5 desaparecidos e 3 superviventes.

### **Naufraxio do bote “Manuel”**

Así nos presenta a noticia o “Criterio Galego” o 14 de maio de 1894.

Días pasados naufragó al regresar de la isla de Ons, á consecuencia del viento y mal estado del mar, el bote “Manuel” que se dedicaba á la pesca del congrio, tripulado por los marineros Manuel Cervillo, José Rua y Nicolás Agulla Villanueva, todos vecinos de Bueu, á donde se dirían.



“Jaime Soberano”, segundo bergantín-goleta

El tripulante Agulla Villanueva pereció ahogado sin que sus dos compañeros pudiesen salvarle.

Estos fueron recogidos más tarde por una embarcación que les condujo a Beluse.

El muerto era mayor de 75 años.

La embarcación fué hallada por un patrón de pesca de Marín. Resulta ser la misma del naufragio por las señas que son: B.º L.º 3.º F.º 751.



#### **Naufragio do quechemarín “San Andrés”**

No Correo Gallego un 14 de xullo de 1888, saú esta noticia, sen que tiveramos máis datos sobre o que puido acontecer para que o accidente do quechemarín “San Andrés”, ocorrido o 18 de setembro de 1886 na praia de Melide na Illa de Ons, provocara un consello de guerra.

—En uno de los primeros días de la semana próxima se celebrará en la Capitanía General un consejo de guerra para ver y fallar la causa instruida al patrón Juan Rodríguez Varela por naufragio del quechemarín San Andrés, cuyo accidente ocurrió en la playa de Mellide en la isla de Ons el 18 de Setiembre de 1886.

#### **Naufragio dun patache**

Contaba o Correo Gallego o 24 de outubro de 1900 que o día 18 do mesmo mes, se foi a pique na Illa de Ons un patache que procedente de Gijón ía con destino a Marín cargado de carbón para D. Manuel Montes de Pontevedra.

Dos cinco mariñeiros que formaban a tripulación do patache, catro foron recollidos por unha dorna de Portonovo que estaba a pescar nas proximidades de Ons, e o outro mariñeiro pereceu ahogado, sen que ata o momento de dar a noticia, e xa pasara case unha semana, fora atopado o seu cadáver.



#### **Naufragio da traíñeira “Carmen”**

O 18 de xaneiro de 1918, cando estaban no Diario de Pontevedra a pechar a edición do sábado 19, reciben a nova do naufragio preto da Illa de Ons da traíñeira “Carmen” de matrícula de Bueu. Así era o titular: “*Siniestro marítimo en Bueu. Once ahogados. Hay que socorrer a las familias.*”

No sinistro pereceron ahogados once mariñeiros, como comentaban, despois dunha loita desesperada e inútil contra os elementos. O barco, despois de moitos bandazos provocados polo mal estado do mar, foi dar, con grandes avarías, a unha praia do municipio de Sanxenxo.

Narraba o Diario: “*Cuando la dolorosa noticia llegó a Bueu, se produjeron escenas tristísimas en todo el pueblo, pues las pobres familias de los pescadores recorrían las calles dando gritos ante la magnitud horrible de la catástrofe. Casi todos los naufragos dejan familias en el mayor desamparo.*”

O periodista facía fincapé na caridade das persoas de Bueu que deben acudir a axudar no posible buscando remedio a esa desgraza: “*Ya que no sea posible devolver la vida a aquellos infelices trabajadores del mar, debemos al momento de llevar un pedazo de pan a esos hogares enlutados donde gimen viudas, huérfanos y padres encanecidos.*”

Enseguida o Liceo-Casino de Bueu iniciou unha subscripción para a familia das vítimas. Tamén os Deputados provinciais por Pontevedra daquela, acordaron solicitar da Deputación unha cantidade igual á que xestionaran para as vítimas de Cangas, supoño que por outro sinistro marítimo.



Traíñeira





CELOSÍA. La de angora.  
Tricot. Sala de té. Pérola  
antiga. Cerámica. As túas  
nádegas rectas. So sweet. On  
fire. Bouquet de rosas.  
Encaixe na pube. E béixasme.  
Amante. By the Sea. Cos  
crustáceos. Na cetaria. Na  
ausencia. Cabelo tinxido.  
Daffodil. Noite de agosto.  
Mañá de outubro. I miss u.

PISCINA. Lonely.  
Horizonte. Never.  
Pelicano. Rosa  
amarela. Vidro.  
Xerse de la.  
Abrigo de botóns de  
nácara. By the sea.



CADELO de cerámica. Froita.  
Ananás. Buguina. Corda.  
Sandalia. Liscanzo. Máscara.  
Antuca. Bomboneira. Pelicano.  
Iate. Turquesa. Pamela.  
Sedimentos.



Do libro Cervatos  
*Lucía Novas*




## Os arrastreiros por popa Athe stern trawler

Humberto V. Santiago Esperón

*Hoxendía, cando damos unha volta por un peirao pesqueiro de calquera pobo mariñeiro e nos fixamos máis aló dos barcos da frota artesanal, atopámonos cun tipo de barcos que ata non hai moito non existían: os “rampleros”, barcos de arrastre por popa, en contraposición cos de arrastre polo costado. Pois ben, nas notas que veñen a continuación explícase a orixe e evolución dos citados “rampleiros” e como na práctica chegaron a substituír na súa totalidade aos barcos de arrastre polo costado.<sup>1</sup>*

A capacidade da humanidade para extraer as riquezas dos mares, aumentou considerablemente na segunda metade do pasado século XX como resultado dos avances en todas as ramas da tecnoloxía pesqueira. Duas das innovacións de crucial importancia foron o arrastreiro de rampla a popa, (que en diante chamaremos rampleiro), e a construción dunha segunda cuberta onde procesar as capturas, por baixo da cuberta superior ou de pesca. Tanto é así, que as vantaxes que ofrecía esta disposición fixo que se adoptase en todas as frotas de arrastre do mundo, independentemente do tamaño dos buques. Así, esta disposición é a adoptada desde os chamados arrastreiros de litoral (sobre 30 m. de eslora), ata os grandes arrastreiros de altura de 100 m. de eslora e máis).


Entre os anos 1950, (data de construción do primeiro rampleiro) e 2012, segundo a FAO as capturas de peixe pasaron, en millóns de toneladas, de 20 a 91,4 Tm., das que o 40 % lle corresponden ao arrastre nas súas diferentes modalidades. (No gráfico adxunto pode verse a evolución das Capturas en Millóns de Tm./Ano. Fonte FAO. En verde están as toneladas correspondentes á Acuicultura). Aínda que xusto é recoñecelo, este incremento non foi só



debido á nova disposición dos arrastreiros, senón tamén aos avances da propulsión mecánica, sistemas de navegación electrónica, sondas de eco máis eficaces, sónar, materiais de aparellos, deseños de cascos, hélices... e un longo etcétera.

Nos planos que mostramos na páxina seguinte apréciase o que sinalamos anteriormente respecto da cuberta de refuxio. O plano da esquerda corresponde a un arrastreiro “de costado” tipo “bou” de 1952 e casco de aceiro, e o da dereita a un moderno “rampleiro”, onde se distingue claramente a cuberta de factoría ou refuxio, inmediatamente por baixo da cuberta superior ou de pesca.

<sup>1</sup> En realidade a palabra rampero, non existe en castelán nin figura nos dicionarios galegos pero entre os nosos mariñeiros definiuse como “rampleiro”. Designamos con esta palabra os barcos que teñen unha rampla a popa pola que lagan e cobran o aparello.




Arrastreiro "de costado"

Outro dos factores que influíu decisivamente no novo concepto de barco pesqueiro foron os novos métodos de conxelación rápida. En efecto, o desenvolvemento do "rampleiro" vai parello, polo menos nos seus inicios, ao concepto de buque factoría, no que se elabora o peixe en filetes e outros produtos, o que fai necesario contar con espazo suficiente para montar máquinas descabezadoras, fileteadoras..., e que mellor que facelo nunha nova cuberta debaixo da superior ou de pesca, que se estendería de popa cara a proa nunha extensión suficiente como para albergar toda a maquinaria de procesado de peixe e de conxelación.

Non é casualidade que o primeiro arrastreiro factoría, fose o primeiro rampleiro que incorporaba ademais a cuberta de refuxio (como gustan dicir os británicos) e que fose tamén dos primeiros barcos que instalaron a conxelación a bordo: Estamos a referirnos ao "Fairtry"<sup>2</sup>. Pero non adiantemos acontecementos.

### A orixe do novo concepto


Este novo concepto de buque factoría rampleiro xerou á súa vez unha serie de modificacións en aparellos, maquinillas, manobras de pesca e outros dispositivos que dificilmente poderían ter lugar nun arrastreiro "polo costado"<sup>3</sup>.



Arrastreiro de popa ou "rampleiro"

Hai que sinalar que este intento de arrastre por popa, en contraposición ao arrastre polo costado, xa fora ensaiado anteriormente, a finais dos anos 40 do século pasado, pero sen redondear o concepto cunha nova cuberta de abrigo ou de factoría.

O clásico arrastreiro de costado, dunha soa cuberta de feito, parece ser o último do seu tipo, non capaz de moita máis evolución ou desenvolvemento... O arrastreiro de popa rampleiro, préstase con moita máis facilidade á introdución de equipos e métodos modernos, destinados a aforrar na man de obra, aumentar a produtividade e mellorar a calidade da captura e ademais é máis seguro e cómodo para as tripulacións. Porén, a idea do arrastre por popa non era nova. Era unha práctica habitual en moitas partes do



Primeiro arrastreiro. Aberdeen 1882

2 De feito, o novo concepto de deseño de arrastreiro foi factible grazas ao desenvolvemento de máquinas automáticas de descabezado e fileteado, e armarios e túneles de conxelación que xa foran desenvolvidas en Alemaña para procesar bacallau nas factorías de terra.

3 Estamos a referirnos neste caso aos "bous", cuxa manobra de arrastre se leva a cabo por medio de dúas pastecas de arrastre situadas unha a proa e outra a popa nunhas estruturas semicirculares, que difire do sistema utilizado polas "bacas" que foi o usado tradicionalmente nas Rias Baixas, (Vigo, Marín...), e que supón un sistema mixto entre a "parella" e o "bou". Maiormente, o "bou" foi utilizado polos grandes bacaloeiros con base en Pasaxes e na Coruña. Tamén se utilizou nos primeiros arrastreiros comprados en Gran Bretaña e importados a España.

mundo, por exemplo nos pequenos arrasteiros de popa de América do Norte, ou na propia Inglaterra, na que os primeiros arrasteiros a vapor foron remolcadores de paletas adaptados á pesca, como o “Toiler” e nos que, presumiblemente, era máis conveniente manexar o equipo de pesca desde a popa. Por que non se evolucionou desde este tipo de arrastre ao de rampleiros directamente? Posiblemente porque a arte do arrastre con portas non estaba completamente desenvolvida xa que a apertura horizontal da rede nos remolcadores reconvertidos, conseguíase mediante unha pértega-viga, (coñecida como bou de vara) completamente ríxida, e esta arte tén loxicamente unhas dimensións máximas para facela practicamente manexable.

O que queremos dar a entender coa exposición anterior é que a idea de construír unha rampla na popa dos barcos para meter o aparello, idea que hoxe nos parece “de caixón”, necesita dunha serie de mellores adicionais que houbo que desenvolver ao mesmo tempo que a soa construción dunha rampla, e non foi menor a idea do uso de paneis deflectores ou portas de arrastre.

Con respecto a unha das persoas que máis contribuíron ao desenvolvemento dos rampleiros, é de xustiza citar a Charles D. Burney<sup>4</sup>, quen xunto con James Lithgow e outros, puxo as súas ideas en práctica nun iate a vapor que compraron cando estaban a piques de despezalo: o “Oriana”.

### O Precursor

O “Oriana”, que pode considerarse como precursor dos rampleiros, foi comprado por un consorcio do que formaban parte Burney e Lithgow. Foi construído no estaleiro Charles Connell & Company en Scotstoun (Escocia) en 1896 para o director da navieira británica Allan Line. Durante a Primeira Guerra Mundial foi requisado pola Royal Navy e utilizado desde o 22 de setembro de 1914 ata o 29 de novembro de 1917 no Firth of Clyde de Campbeltown (Escocia) como patrulleiro auxiliar. As súas características eran as seguintes e a súa fotografía é a que aparece anexa.



Nome.....ORIANA  
 Eslora.....30,54 m.  
 Manga.....6,13 m.  
 Puntal.....2,93 m.  
 Tonelaxe.....128 grt / 78 nrt / 172 Tm.  
 Propulsión.....Máq. Alternat. De vapor. 2 Cilindros.  
 1 Hélice.

Ao finalizar a guerra, o iate volveu á vida civil e foi renomeado como “ORIANA II” pero finalmente, en 1939 foi vendido para o despezamento a un estaleiro de Holy Loch. Pero non se despezou e en 1946, despois de permanecer amarrado durante a Segunda Guerra Mundial, un consorcio liderado por Charles Burney, cuxa experiencia na industria pesqueira era nula, comprou o iate por 1.200 libras e converteuno nun buque experimental de pesca por popa con rampla no que plasmar as novas ideas e conceptos. Nel, ademais da rampla, experimentouse con redes adaptadas ao novo sistema, e empezaron as probas coas manobras de pesca e cabullería e grillería novas.

En principio, a área de pesca do “Oriana” foi o fior-do, unha especie de Ría, do Clyde na desembocadura do río do mesmo nome que pasa por Glasgow, entre o Mull of Kintyre e Ailsa Craig. É dicir, a área na que empezaron correspondería ao que poderíamos denominar pesca de baixura. A medida que foron ensaiando, experimentando e rectificando, e en vista dos alentadores resultados, o consorcio optou por comprar un novo barco no que envorcar todos os ensinamentos aprendidos. A operación do “Oriana” duraría escasamente un ano.

<sup>4</sup> Burney estivera directamente relacionado co desenvolvemento de paraváns de varrido de minas nos Dragaminas, buques militares, cuxo principio de funcionamento é similar ao das portas de arrastre, e co desenvolvemento doutras ideas innovadoras sobre o desenvolvemento de buques pesqueiros e artes de arrastre.

## O “Fairfree”

De entre todos os buques pendentes de despezo ao acabar a Segunda Guerra Mundial, (non esquezamos que estamos en 1946), o que ofrecía unhas características acordes coas futuras transformacións, foi un dragaminas pertencente á Royal Navy, o “HMS Felicity”. Entregado en agosto de 1944 polos estaleiros Redfem Construction de Toronto, Canadá, como dragaminas para a Armada canadense co nome de “HMCS Copperclif”, con numeral J369, foi unha das 110 unidades que se construíron en total da clase “Alxerina” e foi vendido á Royal Navy británica en 1945 e rebautizado como “HMS Felicity”<sup>5</sup>



### Características do HMS Felicity”

Eslora.....64,19 m.

Manga .....10,70 m.

Puntal .....3,66 m.

Tonelaxe ..... 1.305 BRT 575 NRT

Propulsión...Vapor. Máquina de Triple exp. de Montreal Locomotive Company de 2.000 HP. En agosto de 1949 cambiouse por dous motores Mirlees Bickerton de 12 cilindros e 2.500 HP total. 1 Hélice.

En 1946 foi dado de baixa na Armada e amarrado en Portland como moitos outros barcos de guerra ao acabar a contenda, e esesmo ano é comprado polo consorcio que operaba o “Oriana”. O seu prezo, 5.000 libras. As reformas ás que se somete, sempre de acordo coa experiencia acumulada, teñen lugar no estaleiro Fairfield Shipbuilding & Engineering Co. de Glasgow e consisten fundamentalmente en :

1. Construción dunha rampla a popa pola que largar e cobrar o aparello.

2. Proxecto e deseño dunha nova maquinilla de pesca a popa da ponte de mando.

3. Construción dunha ponte a popa (enriba da rampla), desde a que se controla a manobra de pesca. (Ver fotografía)

4. Construción da cuberta de “refuxio ou de factoría” onde traballar o peixe. Nos arrasteiros actuais é a cuberta Principal.

5. Nesta mesma cuberta e a continuación das máquinas de procesamento do peixe instálase a planta de conxelación.

6. Toda unha serie de elementos auxiliares para poder realizar en condicións de seguridade a manobra de pesca tales como estibadores de portas de arrastre...

Unha vez finalizada a reforma, foi renomeado como “Fairfree” e rexistrado como pesqueiro en Glasgow co número de Pesca GW19. Faise ao mar e empeza a pescar ao Noroeste de Escocia seguíndose coa posta a punto do sistema. Despois dos ensaios preliminares, o buque é adquerido no ano 1947 por Christian Salvesen, de orixe norueguesa, propietario entre outras industrias, de dous buques factorías para procesar baleas e dunha vintena de “catchers” (barcos arponeiros), ademais dunha liña de cargueiros, pero sen experiencia na industria pesqueira. Esta empresa, radicada en Leith, tamén en Escocia, cambiou o Porto de Rexistro e en consecuencia mudou o número de Pesca que pasou a ser LH271.



O “Fairfree”

<sup>5</sup> Nos buques de guerra, a diferenza dos civís, fanse moitos exactamente iguais. Neste caso 110 dragaminas xemelgos. Noméanse “clase Alxerina” porque o primeiro buque da serie que se botou chamouse “Alxerina”.

E así transcorre a vida deste barco. Con probas, ensaios e modificacións, aventurándose xa a áreas de pesca cada vez máis afastadas do seu porto base como a zona de Granton. Chégase así a Agosto de 1949, data na que se substitúe a máquina a vapor de tripla expansión por 2 motores Mirless de 1250 HP. cada un. Nesta segunda gran reforma, elimínase a ponte de pesca sobre a rampla e unificanse na ponte principal os mandos da maquinilla de pesca. Con estas últimas reformas, chégase a faenar nas illas Feroe, Islandia e mesmo nos Grandes Bancos de Terranova, cunha viaxe redonda de 2.500 millas. Esta última viaxe á pesca do bacallau é un éxito sen precedentes. Toda a súa carga conxelada descárgase en Grimsby e Immingham e a experiencia tiña dado información suficiente para acometer a construción dun novo arrastreiro por popa.

### O “Fairtry”

Efectivamente, C. Salvesen contrata nos estaleiros John Lewis & Son de Aberdeen unha nova versión xa construída exprefeso, dunhas 2.500 Tm. que con lixeiras modificacións, foron nomeados “Fairtry I”, botado en 1954, “Fairtry II”, botado en 1959 e o “Fairtry III”, botado en 1960. Finalmente o “Fair-free”, ao que lle cabe a consideración de ser o primeiro barco arrastreiro por popa do mundo, foi destinado ao despezamento no porto de Leith en agosto de 1957. Este barco, volvía ter moi próxima á popa unha ponte auxiliar, independente da de navegación



#### Características do "Fairtry I" (arriba)

Eslora.....	85m.
Manga.....	13,6 m.
Puntal Cub. Sup.....	7,8 m.
T.R.B.....	2.605
H.P.....	1.950
Capac. Bodega..	600 t.
Tripulación.....	80 homes.

para poder dirixir a manobra de pesca. E entre esta ponte e a rampla de popa dispuña dun guindastre xiratorio utilizado para o embarque da rede a través da rampla. O sistema de conxelación, mediante placas de contacto, (armarios), era capaz de conxelar 40 toneladas diarias de filetes de peixe, contando para iso coa axuda de máquinas descabezadoras, fileteadoras e peladoras, todas elas desenvolvidas en Alemaña para o procesamento de bacallau nas factorías de terra. Ademais dispuña dun equipo para a fabricación de fariña e aceite de peixe. Estes prototipos de arrastreiros xeraron toda unha revolución no concepto da pesca de arrastre e foron modelos de toda unha serie de construcións posteriores, que chegan ata hoxe. A continuación do “Fairtry” e co mesmo modelo, iniciouse a construción nos estaleiros alemáns de Kiel (HDW) a serie “Pushkin” composta por 24 buques para a Unión Soviética, o primeiro dos cales se botou en 1956. Tamén se construíu o arrastreiro alemán “Heinrich Mina” en 1957 e a serie B-15 construída en Polonia, tamén para os rusos. Estes, á súa vez, construíron a serie “Mayakovski”, todos duns 80/100 metros de eslora.



En España, a partir destes prototipos, tamén se fixeron rampleiros. Os primeiros foron botados en 1963, o “Villalba” e o “Vimianzo, para Pescanova SA. de Chapela, fundada entre outros, por D. José Fernández e D. Valentín Paz Andrade. Ambos buques foron construídos en (ASCÓN) Astilleros y Construcciones de Meira - Moaña.

#### Bibliografía

- The Stern Trawler. Varios Autores. Fishing News (Books) Ltd. Londres.
- Fishing Boats of the World I, II e III.
- VV. AA. Fishing News (Books) Ltd. Londres.
- Historia y desarrollo de la Pesca de Arrastre en Galicia. F. Eiroa del Río.
- Lloyd's Register of Shipping. Londres.

# Cantiga do que non quere volver ao mar\*

Salvador Rodríguez

## *Sabede amiga:*

Hoxe veño de volta do mar. Cheguei ledo ao aeroporto de Madrid e logo outro avión tróuxome ata Peinador. Ás cinco da tarde tomaba as tazas na taberna de Moncho, na que me deca-tei que algunhas cousas cambiaran no pobo nestes seis meses. Quixen pagar as tres rondas e non me chegou un billete verde. Denantes sobra-ba para propina, e algo máis.

Disque Luís casou de penalty e Pepe para se-tembro, que agora anda facendo eses exerci-cios matrimoniais que lle manda o cura. Ma-nolo non quixo taza de viño ningunha.



Bebe auga sen gas dende que o médico lle dixo que tiña unha úlcera coma un volcán, e abofé que Manolo se tomou o diagnóstico moi en serio. Tamén o de comer peixe branco fervido catro días a se-mana; pero continúa co café despois de xantar e os pitillos negros fumados ata o filtro.

A quen atopei mal foi a Xavier. A el tamén lle dixo outro doutor, éste dos nervos, que debería deixar o “alpisto”, que senón íase volver tolo. Eu coido que xa se volveu tolo hai tempo, e ago-ra de pouco lle valería deixar esas copas de co-ñac que comeza a beber dende a mañanciña.

Os demáis seguen o mesmo ca sempre, malia que boto en falla aquela *confiansa* que tiñamos hai seis meses. Será cuestión de esperar uns días. Ou será que nos facemos vellos sen darnos de conta.

## *Sabede, amiga:*

A ver se podo quedarme todo o mes, aínda que o armador dixo que en vinte días xa debíamos estar outra vez de marea, aló no sul de África. Non, non me recordes iso. Miraba escamas por todas partes. Traballar cos ollos a caír de sono era o de menos, o peor é iso de mirar mar, e mirar mar, e máis mar, desde un cascarón, comendo peixe a esgallo, ata reventar... Na boca da noite, agora mesmo, acabo de deca-tarme de que hai tres bares máis, abertos, e dixéronme que o alcalde mandou poñer farolas novas na rúa onde ten a súa casa. Vexo que, nisto, procura ser o mesmo de sempre.

## *Sabede, amiga:*

Moito me lembraba eu de todo isto, da festa de San Martiño e das do Carme, aló lonxe. Todos os días durmía soñando co pobo e espertaba no ex-tranxeiro. Disque chorar non é de homes, pero eu, xúrocho, ata chorei de rabexa. Xuro que é verdade e dígocho agora, nesta noite de bochorno que me traslada a aqueles calores que acabaron por quei-marme, non a pel, senón a moral; como che xuro, tamén, que a vindeira marea será derradeira. Así que desembarque, que me deixen en terra, dentro de seis meses xa non volverei vir máis de volta da mar, malia que teña que pasar o resto da miña vida detrás dun mostrador ou dando cal a unha parede branca e eterna.

\*A Severo e a todos os mariñeiros desaparecidos no nau-fraxio do Frank C, o 2 de outubro de 1991. A todos os náu-fragos do mar.



## Galicia e Escocia I A Pedra do Destino

*Xerardo Dasairas*

Ainda que minoritario, o movemento nacionalista escocés nunca deixou de reclamar a súa identidade particular con respecto aos ingleses e no ano 1998 foi, curiosamente, o goberno conservador quen asinaría a *Scottlan Act*, tamén denominada sistema de devolución (autonomía), creándose o Parlamento de Escocia devolvéndolle nesta data algúns poderes legislativos.

Xa antes desta data, en 1996, entre os xestos de xenerosidade e desprendemento que quixo practicar a monarquía inglesa estivo o da devolución aos escoceses da chamada Pedra do Destino (*clach-na-cinneamhain* ou *clach Sgàin*) que agora está depositada no castelo de Edimburgo e cuxa procedencia, segundo diversas lendas irlandesas, se relaciona con Galicia. A esta pedra déronlle algúns o apelativo de Fatal pero coidamos que é unha mala tradución de *Fatum* que é fado, destino, estando en varios lugares de Escocia e logo durante uns catrocentos anos na abdadía de Scone.

Despois da derrota dos escoceses ao mando de William Wallace, sufrida en Falkirk no 1298, o rei inglés Eduardo I trasladaría a Pedra do Destino, primeiro a Edimburgo e logo á abadía de Westminster (ano 1300) ao se decatarse da forte simboloxía que a mesma tiña para os vencidos, máis non convencidos, escoceses. Logo foi instalada na abadía inglesa de Westminster sendo usada primeiro como cadeira do sacerdote celebrante e logo como soporte da trona de coroación dos reis ingleses.



Durante setecentos anos a Pedra permaneceu en poder dos ingleses coa excepción dun curto período do ano 1950 cando catro estudantes nacionalistas escoceses a roubaron o día de Nadal. Parece ser que a pedra ecachou en dous ao sacala, quedando unha parte agachada no Hyde Park londinense e outra levada a Escocia a pesar dos férreos controis de fronteira establecidos.

Como fose, dise que ao final foi arraxada por un canteiro e depositada na abadía de Arbroath, avisando logo á policía inglesa da súa localización co que se esqueceu o asunto e aos seus autores.

Ainda que se comentou que a pedra era unha réplica, esta devolución fixo respirar á familia real pois como era tradición, a pedra e outros obxectos formaban parte da parafrenalia e do sentido do poder histórico dos ingleses. Xa que logo, o 2 de xuño de 1953, Isabel II de Inglaterra e I de Escocia foi coroada en Westminster na trona de San Eduardo baixo a que xa estaba ubicada a Pedra.

Non cabe dúbida que, a evangelización das illas británicas polos monxes tivo incidencia na cristianización do relato mítico da Pedra sobre a que se nomeaban os máximos xefes dos clans gaélicos e logo os reis escoceses. Esta presenza cristiá nas illas xa se constata que desde o ano 431, San Paladio e San Patricio tiñan evangelizado Irlanda e apenas un século despois fixera o mesmo San Colombán con Escocia.



A lenda da Pedra do Destino está interpolada, igual que moitas das lendas galegas, por relatos bíblicos pois esta, segundo se conta, non é nen máis nen menos que aquela que usara Xacob para repousar a sua cabeza cando lle aconteceu o episodio do sono. Dise que logo foi levada a Exipto durante o cautiverio dos israelitas e nun longo periplo de anos foi traída deica Brigantium en Galicia, reinando Breogán e que o seu fillo Ith foi quen a levou a Eirin onde lle chamaron *Lia Fáil*, a pedra que berra pois. Cóntase que quen a sacou de Exipto foi un grego (ou un escítio, ou un galo segundo as versións) que casara con Scota (Escocia), filla do Faraó.



Cadeira de Westminster na que se proclaman o reis ingleses

Os relatos, irlandés e escocés, difiren no uso da Pedra, pero son coincidentes na orixe e no final do seu periplo e na sua saída desde Galicia cara Irlanda. Nunha das pasaxes dunha das crónicas, mesmo se nomea un lugar chamado Portingail polo que pasa a Pedra que se poderia relacionar con Portugal, o Portus Calem galaico, ou simplemente Port in Gail. A entremestura dos relatos gaélicos coa posterior versión cristianizada é evidente e demostra a forza das lendas e dos mitos para chegar ao pobo no proceso de mudanza sociorelixiosa que se estaba a dar alí nestas datas.

Ainda que nun comezo a Pedra fose un símbolo dos vellos mitos drúidicos ou unha especie de “tesera hospitalis” ou pacto entre escotos e pictos, o certo é que o seu significado primixenio foi mudando coa evanxelización. Non se lle escapaba así á Igrexa a influencia política (nomeamento do xefe ou rei) que podía exercer nos novos cristiáns, sendo a Pedra do Destino xa en si, un antergo símbolo relixioso do chamado pobo de Deus nas suas orixes.

Xa que logo, desde Brigantium, a Pedra pasa a Irlanda e máis tarde é levada polos escotos irlandeses a Escocia onde despois da unión cos Pictos foi ubicada na abadia de Scone, cidade capital do novo estado. Outras fontes e incluso os mesmos relatos lendarios consultados, animan a pensar, como apuntabamos, nunha orixe e transmisión da lenda a través da tradición bárdica, pero despois da colonización cristiá, este relato semella ser utilizado como importante elemento integrador da nova relixión e do nacente poder político unificador dos pobos que compuñan Irlanda e Escocia. O vello aforismo da relixión como eficaz compañeira do estado semella estar, pois, moi presente.

Dise que a Pedra, en orixe, tiña gravurada unha cruz, estaba situada no establecemento monástico de Scone e que sobre ela se coroaban os reis escoceses. Cando foi levada para Inglaterra, tivo idéntica ubicación e utilización, de aí a importante carga simbólica de sometemento histórico que tivo o feito para os escoceses. Un século despois de levada a Pedra para Westminster, o representante escocés apelaría fronte ao Papa contra a conquista do seu país polos ingleses e relata nun memorial a orixe bíblica da Pedra do Destino ou cadeira real de Escocia. Ainda que a Pedra do Fado ou Destino semella que nunca estivo escrita, son algúns estudosos do tema, seguramente católicos, quen apuntan que aquela tiña gravurada a seguinte inscrición en latín: *Se o destino é certo, os escoceses sempre reinarán alí onde estea a pedra.*

A profecía cumprírase ao reinar no 1603 en Inglaterra o rei Xacobo VI de Escocia, feito que vén entroncar coa reclamación do trono inglés polo escocés Xacobo VIII Estuardo que en 1719 provocou que escoceses e galegos participasen na batalla de Glen Shiel contra os ingleses.

# Episodios ignorados da nosa Historia



## Galicia e Escocia II Batalla de Glen Shiel

Xerardo Dasairas

O día dez de xuño de 2019 cumpríronse trescentos anos da Batalla de Glen Shiel en Escocia na que en 1719 participou un contingente español que nunha operación secreta pretendía erguer aos clans escoceses das Highlands partidarios de Xacobo III Stuardo e destronar ao rei inglés Xurxo I de Hannover. Despois da perda de varias posesións polo tratado de Utrech, España pretendía recuperalas e frear a expansión naval de Inglaterra, urdindo unha operación para invadir a Gran Bretaña, planeada polo cardeal Giulio Alberoni, asesor do rei español Filipe V, e máis o inglés James Butler, duque de Ormond que en 1702 fora o heroe da batalla de Rande e agora tiña posto precio á sua cabeza.

### O 1º Batallón Galicia en Escocia

Ainda que con certas reticencias e inexactitudes, a prensa e os medios de comunicación van recoñecendo o protagonismo real dos galegos en Eilean Donan e na posterior Batalla de Glen Shiel.

#### EL MUNDO Los 300 gallegos que “invadieron” las islas británicas

Terminaron unos pocos atrincherados en un castillo y la mayoría, tras batirse en el campo de batalla y rendirse, llevados con honor a Edimburgo, donde conocieron un licor local llamado whisky. Habían salido en dos fragatas del puerto de Pasajes hace ahora 300 años, con el gallego Castro Bolaño al frente.

#### NATIONAL GEOGRAPHIC El castillo con un fantasma español

No está en España sino en Escocia pero en esta fortaleza de Eilean Donan llegaron a atrincherarse 300 gallegos. Uno quedó para siempre allí: Hoy es el célebre fantasma del castillo de Eilean Donan al que los guías llaman Carlos cuando visitas Eilean Donan. Añadir que concretamente es gallego ya que eran 300 gallegos del batallón Galicia los que ocupaban ese castillo.

#### La Batalla de Glenshiel: escoceses y gallegos contra ingleses

Una curiosa batalla puso a escoceses y gallegos combatiendo contra las tropas inglesas en la que fue la última invasión contra británicos en su propia isla: Se trata de la batalla de Glenshiel en 1719.

### A expedición de Vigo

A invasión constaba de varios movementos de tropas que debían confluir nun momento dado: Polo leste, invadirían Gran Bretaña tropas rusas e suecas do rei Carlos XII pero a morte deste fixo que o herdeiro do trono se retirase da operación o que non foi óbice para que esta continuase só coa flota que se preparara en Vigo. Esta estaba ao mando de Baltasar Vélez Ladrón de Guevara que sae de Cádiz a principios de marzo con dous navíos de liña de 66 canóns, o buque insignia San Bartolomé (ou Cambi) e o Nª Señora de Guadalupe y San Antonio, ademais dunha fragata, a Hermione que saíra antes e recalara no porto do Ferrol para embarcar ao aspi-



Rei Filipe V



Cardeal Giulio Alberoni



James Francis Edward Stuart James Butler duque de Ormond

rante ao trono inglés, Xacobo III Stuardo e máis James Buttler, duque de Ormond que agardaba en Sada para comandar a flota e a invasión.

O día dez, os barcos de Cádiz xa están no porto de Vigo, unha cuestión que obvian os historiadores españois, onde estiveran preparándose catro barcos máis de guerra e vinte de transporte de tropas entre as que ía o 2º Batallón Galicia ao mando do coronel Pedro de Castro Neira. Nesta flota ían pouco máis de 5.000 soldados dos 7.000 que esperaban recrutar, cargando 500 cabalos, 30.000 fusís, municións, pólvora e vituallas, ademáis dalgúns notables escoceses e irlandeses.

Como o estado do mar non era propicio, o comandante Ladrón de Guevara retivo a flota na ría un tempo ata que foi conminado a partir, pois xa se retrasaba a operación. Mais, o 27 de marzo, cando navegaban na altura de Fisterra, unha forte galerna

dispersaría os barcos, perdéndose algúns e os demais, para alixeiraren peso, desfixéronse dos cabalos e dos cargamentos. Algúns dos barcos de guerra dirixíronse cara o sur recalando catro deles en Lisboa e outros en Cádiz e San Lúcar de Barrameda mentres que 18 dos transportes refuxiáronse a maioría na ría de Vigo e algúns noutros portos galegos.

### A expedición a Escocia

A outra parte da operación, levada tamén co maior secreto, consistía en desembarcar tropas en Escocia antes da invasión e levantar aos clans escoceses para tomar Inverness, creando unha manobra que distraese forzas inglesas cara o norte, mentres se producía o desembarco polo sur en Cornualles ou Gales e tomar Londres. A este fin, saírían o sete de marzo de Pasaia dúas fragatas, a *Galgo de Andalucía*, coñecida como “La Galga” de 24 canóns e a *San Francisco* de 22, que levaban 2.000 fusís, 5.000 pistolas, 350 barrís de pólvora, 60 con municións, sacos de gran e vituallas. As forzas de infantaría de mariña embarcadas pertencían ao primeiro batallón do Reximento Galicia ao mando do tenente coronel Nicolás de Castro Bolaño, levando como xefe da segunda compañía ao sarxento maior Alonso de Santarem, compondo unha exigua forza de 306 homes. Con eles ía o Earl Marischal George Keith e tamén algúns rebeldes escoceses e irlandeses exiliados.



## Líderes xacobitas escoceses



William Murray  
marques de Tullibardine



George William Keith  
Earl Marischal of Scotland



W. MacKenzie conde de Seaforth




James Francis Edward Keith

Uns días máis tarde e desde o porto francés de Le Havre partiron nunha embarcación lixeira os líderes escoceses James Keith, irmán do anterior; William MacKenzie marquês de Seaforth e William Murray, marquês de Tullibardine que sería quen mandase as tropas escocesas.

## O castelo de Eilean Donan

O encontro destes foi na illa de Lewis e o 4 de abril navegaron desde aquí ata o lago Alsh, facendo paradas na ruta para convocar aos clans escoceses no castelo de Eilean Donan que era dos MacKenzie. O día 13 deste mesmo mes chegarían ao castelo, desembarcando os soldados que acamparían nas proximidades do mesmo mentres se ían sumando ao contingente algúns clans escoceses que foron armados e municionados, aínda que non tantos como agardaban pois estes querían seguridade sobre o desembarco de Ormond. A comezos de maio, as tropas hispano - escocesas xa se desprazaran por varios puntos da zona coa intención de incrementar o contingente para atacar Inverness, deixando no castelo a maioría da pólvora e das munições ao coitado duns cincuenta homes, ordenándolle ás dúas fragatas españolas que retornaran.

Mais, nestes primeiros días de maio, os ingleses xa tiñan noticia, non só do fracaso da expedición de Ormond, senón da presenza das tropas españolas no norte escocés para o que envían cinco fragatas para patrullar a costa sendo que tres delas (*Entreprise, Worcester e Flamborough*) localizan no solpor do día 9 aos españois en Eilean Donan. Na mañá do día 10 foron conminados a se render pero tirotearon a lancha inglesa co que as tres fragatas abriron intenso fogo de canón e ao anoitecer desembarcaron tropas que obrigaron a capitular aos resistentes.





Recreación errada do ataque inglés a Eilean Donan pois os defensores non contaban con artillaría nin había tantos escoceses nel. Porén, os uniformes do Batallón Galicia son os correctos.

Antes disto, destruíron algunhas armas pero os ingleses aínda se apoderaron de 52 barriles de munición e 343 de pólvora que empregaron en destruír o castelo cuxos fortes muros resistiran os bombardeos ingleses a pesar de non contar con artillaría. No castelo renderonse un 1 capitán, 1 tenente, 1 sargento e 39 soldados do batallón Galicia, que foron levados a unha prisión de Edimburgo na fragata *Flamboroug*, e máis un escocés e un irlandés que posiblemente serían fusilados por rebelión contra a Coroa inglesa.



Ruínas de Eilean Donan antes da súa reconstrución

### A batalla de Glen Shiel

As noticias da caída do castelo indicaban que os ingleses controlaban a costa, mais contodo o pequeno exército hispano-escocés decidiría dirixirse á toma de Inverness agardando un soerguemento escocés xeral nas terras altas. Non había outra opción pois xa sabían da toma de Eilan Donan e a comezos de xuño xa tiñan claro que non habería invasión española.

Antecipándose ás ordes de Londres, o xeneral Joseph Wightman, xa coñecedor da situación e número dos hispano-escoceses, sae o día 5 de xuño de Inverness con tropas, reunindo de paso en Fort Au-

gust, un exército de 850 soldados de infantería cun reximento holandés, 150 dragóns, 236 escoceses leais ao rei inglés e 4 morteiros lixeiros Coehorn que habían ser definitorios na batalla pois o número de combatentes era similar, aínda que só os do batallón Galicia tiñan máis experiencia bélica. Xa que logo, fronte a eles, as forzas hispano-xacobitas contaban cuns 1.200 efectivos dos que uns 260 eran do batallón Galicia e uns 940 dos clans escoceses entre os que estaba o coñecido heroe literario Rob Roy.



Batalla de Glen Shiel nun cadro de Peter Tillermans

O día 9 chega o aviso de que as tropas inglesas están a trece quilómetros polo que os hispano-xacobitas deciden facerse fortes na valgada do río Shield, colocando barricadas onde pasaba o camiño de Inverness polo que irían chegando os ingleses o día 10 sobre as cinco da tarde.

Ás oito da tarde, despois do movemento envolvente das tropas inglesas, os españois comezan a retirada cara a unha altura rochosa na que se parapetaron, pero despois dunha hora de resistencia, sobre as nove da noite, Nicolás Bolaño decide renderse logo de catro horas de combate. Os galegos xa combatían sós, pois os escoceses foran desaparecendo aproveitando o luscofusco, conseguindo fuxir os seus líderes, algúns feridos e outros pasando ao continente para se salvaren da forza.



Detalle do ataque dos Dragóns cos morteiros Coehorn

## Os galegos ignorados



Recreación da Batalla de Glen Shiel

Esta “operación secreta”, que ía ser a última vez que tropas españolas invadiran o territorio da Gran Bretaña, empezou a despertar interese hai uns poucos anos e hoxendía son numerosas as publicacións, blogs e artigos de prensa que se ocupan dela, aínda que con certas diverxencias e inexactitudes. Mais o noso interese, como ocorre tantas veces na “historia de España”, é deixar constancia de que eses máis de trescentos infantés de mariña eran do 2º Batallón Galicia ao mando do tenente coronel Nicolás de Castro Bolaño e non do reximento de la Reina como se escribiu.

Tamén se dixo que estaba mandado polo galego Pedro de Castro pero este era o coronel e mandaba o 1º batallón que embarcaría na expedición que saíu de Vigo, cuestión esta que tamén se oculta. O noso protagonista, Nicolás de Castro, era natural das terras de Vilalba e tal e como se facían as levas nestas datas, a maioría dos integrantes do seu batallón foran recrutados en Galicia



Soldados do Rxtº. Galicia

pois sabemos ademais que este 2º Batallón do Reximento Galicia se conformara nestas datas con homes dos provinciais de Ourense, Lugo e A Coruña.



Bandeira do Reximento Galicia

A isto, cabe engadir que a súa condición de operaren embarcados, aumenta esta posibilidade pois as expedicións navais españolas sempre se nutiron, a través da matrícula do mar, de numerosos homes das costas galegas. Segundo os expertos militares, a bandeira do Reximento Galicia levaba seis cruces abeirando ao caliz no centro, sobre fondo vermello, enseña que foi logo utilizada polas milicias da provincia de Mondoñedo.

Enfín, que desde que comezamos a preocuparnos polo tema en 2005, algunhas informacións xa comezaron a matizar este episodio bélico, facendo protagonistas a galegos e escoceses, aínda que estes sigan aludindo a *spaniards*, adxetivación que, loxicamente, quedou na toponimia da zona.

No reconstruído castelo de Elian Donen, que é privado, e para maior atractivo turístico, tamén se inventaron un fantasma español (*spanish ghost*) dun dos soldados mortos alí. Esta maior concreción da orixe galega dos combatentes en Escocia incluso deu pé a un concerto do noso gaitero universal Carlos Núñez, interpretando coa gaitera escocesa Brighde Chaimbeul a peza *Battle of Glen Shield* composta en lembranza deste feito que un día aciago uniu a galegos e escoceses.

Os prisioneiros galegos foron levados a Edimburgo onde o 12 de xuño se reuniron cos capturados anteriormente no castelo de Eilean Donan, sendo tratados segundo as convencións de guerra e incluso puideron circular libremente pola cidade onde se comenta como anécdota que probaron o whisky por primeira vez pero non se mencionan as dificultades que pasaron para sobreviviren sen cartos e que incluso Bolaño pediu uns empréstitos de 400 libras para resolver esta cuestión.

O día 1 de outubro, despois de negociar cos ingleses, os 273 sobrevivintes do batallón Galicia retornaron a España na mesma fragata *Flanborough* quedando desta batalla os topónimos *Bealach-nan-Spainnteach* ou Paso dos Españois na parte baixa e o *Coiren-nan-Spainnteach* ou Pico dos Españois onde resistiran na última escaramuza. O balance final deixaba 21 mortos e 121 feridos nas forzas inglesas e arredor de 100 baixas entre os hispano-xacobitas, habendo entre os galegos 33 mortos.


\*Non imos narrar a batalla en detalle pois no plano que adxuntamos, elaborado polo capitán inglés John Henry Bastide, figuran os movementos de tropas que se desenvolveron durante a confrontación.

\*Outras informacións da expedición, da batalla e dos prisioneiros foron recollidas nunhas memorias de James Butler, duque de Ormond, que recolleu en 1895 o historiador escocés William Kirk baixo o título de *The Jacobite Attempt of 1719*.

# Batalla de Glen Shiel en

Plano do capitán John Henry Bass





## FORZAS INGLESAS

1. Granadeiros: 1 sarxento e 12 soldados.
2. Granadeiros: 1 Oficial e 24 soldados.
3. Granadeiros: Núcleo con 120 soldados.
4. Reximento Montagu.
5. Destacamento Coronel Harrison.
6. Reximento Hussel e 4 compañías.
7. Dragóns de Robertson e morteiros Coehorn.
8. Reximento Coronel Clayton.
9. Escoceses de Munro.
10. Ala dereita, Sutherland.
11. O groso do exército marcha pola dereita.
12. Clayton e Munro avanza pola esquerda.
13. Os Dragóns avanza pola zona chaira.
14. Os Dragóns detéñense.
15. Os Dragóns avanza ata a metade da chaira.
16. Catro seccións de Clayton e Munro fan o primeiro ataque pola ala dereita dos xacobitas.
17. Os morteiros abren fogo apoiando o primeiro ataque.
18. Os morteiros disparan sobre a trincheira onde se parapetaban os españois.
19. As forzas de Clayton atacan a barricada do paso
- 20, 35 Dragóns a pé atacan as defensas españolas.
- 21 Os Dragóns ascenden polo outeiro.
22. O ataque inglés avanza cara a montaña.
23. A ala dereita acosa aos escoceses.
24. Unha sección de Munro fai alto nun lombo.
25. A ala dereita inglesa detense na montaña.
26. As forzas de Clayton toman o lombo que pechaba o paso.
27. Punto de reunión da intendencia e hospital.
28. O grupo de intendencia avanza cos feridos.
29. O xeneral Whightman dirixe a acción.

## HISPANO-XACOBITAS

- A. Forzas españolas apostadas no outeiro controlando a chaira e o paso.
- B. Os españois marchan cara a montaña e fan alto.
- C. Os españois retíranse cara o cumio do monte.
- D. Barricada defendendo o paso nun costado do río.
- E. Parapeitos no costado do outeiro.
- F. Os escoceses marchan cara arriba antes do ataque.
- G. Escoceses dispersos abren fogo contra Clayton e Munro no primeiro ataque.
- H. Escoceses acoden en apoio da súa ala dereita Fuxida dos escoceses.
- M. Monte Scur Ouran (Skukuran).





### Forzas escocesas

200 homes do clan Murray (150) e do clan MacDougall (50) ao mando de lord George Murray, irmán de Tullibardine.

200 homes do clan MacKenzie de Coul ao mando de John MacKenzie de Coul, conde de Seaforth.

200 dos clans MacKenzie e MacRae ao mando de George Keith, conde de Marishal.

200 dos clans MacGregors (80), MacDonalds, MacLeans, MacKinnons e Camerons entre os que figuraba Robert Roy MacGregor (Bob Roy).

### Forzas españolas

160 soldados do reximento Galicia ao mando do tenente coronel Nicolás Bolaño e de Tullibardine.

100 soldados do reximento Galicia ao mando do sarxento maior Alonso de Santarem.

### Forzas inglesas

O xeneral Wightman dispuña de 850 infantes, 150 dragóns e arredor de 236 escoceses leais á coroa inglesa :

**Flanco dereito:**

150 granadeiros do maior Milbourne.

Reximento de Montague ao mando do tenente coronel Lawrence.

50 homes do destacamento do coronel Harrison.

Reximento holandés Hussele.

156 escoceses dos clans Fraser, Ross e Sutherland.

80 escoceses do clan Mackay, ao mando de lord Strathnaver.

**Flanco esquerdo:**

Reximento Clayton ao mando do tenente coronel Reading.

100 homes ao mando do xeneral George Munro de Culcaim.

120 dragóns dos Scots Greys

### Os prisioneiros do Batallón Galicia

Entre os apresados no castelo de Eilean Donan e máis os da batalla de Glen Shiel figuraban o coronel Bolaño; 5 Capitáns; 5 Tenentes; 6 Alféreces; 11 Sarxentos; 18 Cabos; 6 Tambores e 221 Soldados.

O total de prisioneiros ascendeu a 273 homes polo que, se chegaran a Escocia 306, as baixas foron 33.

### A revancha inglesa

A pesar do fracaso da expedición a Escocia, os ingleses non deixaron de lado a afrenta sufrida e o 27 de setembro do mesmo ano 1719, o contraalmirante Rober Johnson que apoiaba aos franceses na toma de poboacións vascas, dirixese con dous navíos e unha fragata cara o porto de Ribadeo, canoneando e tomando os dous fortes da vila con seis lanchas. Para abandonar a vila, pedirían un rescate en cartos e víveres, que pagaron o Consello e o Cabildo de Mondoñedo. Este ataque a un porto pequeno, que non se explica por ninguén, veu derivado da acción en Escocia pois as dúas fragatas *Galgo de Andalucía* e a *San Francisco*, tiñan capturado dous barcos mercantes ingleses no seu retorno de Escocia, recalando con eles en Ribadeo. As dúas fragatas foron queimadas no porto polas súas dotacións antes de que os ingleses se apoderasen delas e na actualidade xa se teñen recuperado canóns e outros obxectos destes pecios.

Nesta mesma data xa navegaba tamén cara as costas galegas unha flota composta de seis barcos de guerra e 36 de transporte de tropas ao mando do vizconde de Cobham, Richard Temple que unida cos tres barcos de Johnson atacarían A Coruña. Mais, este decidiría retornar a Inglaterra ante a demora de Cobham quen ante isto, optaría por atacar Vigo con poucas defensas e ao fin e ao cabo fora a cidade de onde partira a expedición que pretendía invadir Inglaterra. O 10 de outubro desembarcaban nos arredores de Vigo e en dous días xa ocuparan a cidade, resistindo o castelo do Castro os bombardeo de morteiros ata o día 18 en que se rende. Os ingleses non se conformaron con isto e desde o día 27, mil homes arrasarian Redondela e Marín, ocupando Pontevedra e pedindo un rescate para non atacar Santiago, condición que non foi aceptada senón obrígalos a reembarcar, cousa que fixeron o 8 de novembro pero con bastantes baixas.



# Xulio Formoso

## *In Memoriam*

*Francisco Rodríguez Pastoriza*



*Este artista viviu os anos da súa infancia e adolescencia na Casa dos Picos de Bueu, a vila que tivo sempre na súa memoria e onde quixo que reposasen os seus restos. Foi un dos cantautores máis populares en toda Latinoamérica, dando concertos con Paco Ibáñez, Víctor Manuel, Silvio Rodríguez, Daniel Viglietti, Víctor Jara ou Mercedes Sosa. Esta última faloume un día de 1978 en Madrid do agarimo que todos eles lle tiñan a Xulio Formoso e tamén o respecto e admiración polas súas cancións e polo seu traballo como fundador do grupo de teatro “Rajatabla” e a súa produción no eido das artes escénicas, no que hai que destacar “Mi país está feliz”, unha obra que supuxo un fito importante na historia do teatro de Venezuela. Tamén destacou Xulio Formoso como pintor; cunha obra que se sitúa no Pop Art, que expuxo en moitos países.*

Coñecín a Xulio Formoso en 1962 cando chegou á Academia Omil de Bueu da que eran profesores don Manuel, don Jacobo, don José Martínez e don Celestino. Veu para estudar o bachelerato despois de cubrir a primeira etapa da educación infantil na escola de don Julio, tamén en Bueu, na que continuará despois duns primeiros anos, nun colexio de Vigo. Os seus compañeiros daquela época aínda lembramos, sobre todo a súa pericia para o debuxo, que nos deixaba abraiados.

Dende a súa chegada a Bueu, vivía no pazo do Casal, do que eran donos uns familiares da súa nai, unha construción do século XVIII que se coñece en Bueu como a “Casa dos Picos” e na que nos reuniamos os amigos de Xulio a escoitar os primeiros discos de The Beatles, a ver a televisión nun aparello que fora o primeiro en chegar a Bueu e tamén a disfrutar dunha biblioteca surtida de libros que lle mandaba o seu pai, un xornalista exiliado en Venezuela, e dos que mercaba a súa nai, moitos deles tamén recomendados por el. Grazas a esa biblioteca tiveron eu a oportunidade de ler por primeira vez a au-

tores como Julio Verne ou Salgari e tamén as novelas de Sven Hasel. O grupo que frecuentabamos a Casa dos Picos (Gaspar Cerviño, Jesús Martínez, Fernando Cendón, Américo Cabanellas) afeccionámonos á música que daquela estaba de moda: Beatles sobre todo, pero tamén Rolling Stones, Herman Hermits, Dave Clark Five e os españois Brincos, Sirex e Mustang. Non satisfeitos con escoitar aquela música, tratábase tamén de imitala cantando aquelas cancións que tiñan tanto éxito.



Pazo do Casal ou “Casa dos Picos”



Na escola de don Julio

Como faltaban cartos para mercar os instrumentos que precisabamos, Xulio púxose a facer da sua man unha guitarra de madeira coa que acompañar os nosos berros. Aquela guitarra andivo pola miña casa moitos anos. Deixouma cando se trasladou a Venezuela en 1965 para reunirse co seu pai, a quen non coñecía persoalmente porque marchara cando aínda el non nacera. Cando Xulio marchou, tiña 16 anos.

Durante bastante tempo intercambiamos correspondencia con moita frecuencia, que se foi espaciando cos anos e case que se perdeu definitivamente nos noventa do século pasado. En 1996, despois de trinta anos de ausencia, Xulio Formoso voltou a España para unha viaxe duns días e para visitar a sua nai, que vivía cuns familiares en Bouzas tras quedar viuva. Quedamos en vernos en Vigo e tróuxeno a Bueu para que se atopase cos amigos da infancia. Non volvían a ter novas suas ate que un día chegoume unha mensaxe ao meu e-mail no que me dicía que tiña lido en internet, nun dos xornais nos que eu colaboraba, un artigo asinado co meu nome. Dicíame que el tamén facía colaboracións en publicacións venezolanas ilustrando artigos e informacións cos seus debuxos e ofreceuse a facelos tamén para os meus traballos sen ningún tipo de condicións, incluso sen recibir ningún pago. Foi así como empezou unha colaboración que durou varios anos, só interrompida pola sua morte.

A pesares do éxito internacional na sua carreira como cantautor, Xulio Formoso nunca tivo a oportu-

nidade de cantar en España. Durante o franquismo non podía visitar o país a risco de ser detido por non ter feito o servizo militar. E despois porque ás casas discográficas españolas (con algunhas fixen persoalmente xestións para que estudasen a posibilidade de publicar aquí os seus discos) xa non lles interesaba o que chamaban “canción protesta”.

En 2016 publiquei no Faro de Vigo unha reseña do último disco de Xulio Formoso, “Anda suelto el animal”, no que volvía a poñer música aos poemas do seu amigo, o poeta Farruco Sexto. Aproveitei aquela reseña para chamar a atención sobre o feito de que, a pesares do seu prestixio internacional como cantautor, Xulio Formoso nunca tivera ocasión de actuar en España nin en Galicia, tendo como tiña moitos temas cantados en galego e dándose tamén a circunstancia de que cantantes e grupos de Galicia tiñan nos seus repertorios algunhas cancións da sua autoría.

A raíz deste escrito, por mediación de Pepe Novas, o Concello de Bueu interesouse en organizar o que sería o primeiro concerto de Xulio Formoso no seu país de orixe. Púxenme en contacto con el inmediatamente e foi entón cando me informou de que facía algún tempo que sufría dunha doenza que lle paralizara os dedos das mans e lle impedía tocar a guitarra, e que as circunstancias polas que pasaba Venezuela non lle permitían acceder a unha operación para volver a manexar as suas mans.

Contactei entón con médicos amigos para que estudasen a posibilidade de facer a operación aquí. Xulio mandoume todos os documentos do seu historial clínico e os profesionais cos que eu consultara informáronme que a operación era posible aínda que os resultados non garantían que fose “tocar a guitarra como antes”. Isto animouno a viaxar a España en 2016 para someterse á operación, se era posible. Chegou en marzo daquel ano e durante varios meses estiveron facéndolle probas médicas no hospital Ramón y Cajal de Madrid e preparándoo para unha posible operación. Pero a sua saúde era peor do que se pensaba e os médicos diagnosticáronlle unha esclerodermia que lle afectaba aos seus pul-



Festival no cine Avenica c. 1963

móns e que posiblemente fose tamén a causa da parálise que sufría nos dedos das mans. Aínda así, as esperanzas quedaban intactas para recuperar a mobilidade nos seus dedos. Durante a súa estada visitaría Bueu en tres ocasións, onde se atopou cos amigos da infancia e tamén con Luis Ferreiro, o fillo de Celso Emilio, ao que coñecera en Caracas cando eran mozos.

Hai que dicir que Xulio Formoso tiña entón a intención de voltar a Galicia definitivamente para quedarse a vivir aquí. En España vivían daquela dúas das súas fillas, unha en Madrid e outra en Barcelona. Unha terceira, a máis nova, quedara en Caracas coa súa nai (Xulio estaba divorciado) en espera de reunirse co seu pai aquí cando as cousas se arranxasen. Xulio contaba con que a súa xubilación era suficiente para vivir en España, e pensaba aumentar os seus ingresos con traballos, debuxos e colaboracións como as que estaba facendo deica entón. A pesar de ter inutilizadas as súas mans para debuxar e pintar, servíase de programas de internet para seguir coas ilustracións e os retratos. Pero o Goberno de Venezuela interrompiulle os pagos a todos os xubilados españois que traballaran naquel país e que decidiran voltar a España a pasar os seus derradeiros anos de vida, así que, sen ingresos nin axudas (as súas fillas tampouco podían facerse cargo da súa situación, segundo me dixo) en novembro daquel 2016 tivo que volver a Caracas, dende onde seguiu coas colaboracións para ilustrar os meus artigos no Faro de Vigo.



Xulio e Paco c. 1963

A interrupción do tratamento que iniciara no Ramón y Cajal de Madrid resultou fatal para o deterioro da súa saúde. Un día de mediados de 2018 escribume unha mensaxe moi dramática na que me contaba que, despois de varias consultas médicas nun caótico sistema sanitario venezolano, diagnosticáranlle un cancro de gorxa, e que as posibilidades de poder ser operado en Venezuela eran nulas, e menos as de facer o tratamento postoperatorio que precisaba, porque a falta de medicamentos era xeral no país.

Mais, qué fatalidade, pensei eu, que o destino se cebase nas súas mellores ferramentas, as mans coas que tocaba a guitarra e a voz coa que cantaba as súas cancións. Díxenlle que estudara a posibilidade de viaxar a España porque, dado que el mantiña a nacionalidade española, o sistema sanitario de aquí, como xa tivera ocasión de comprobar, podía ocuparse da operación e do tratamento posterior. Diante das súas reticencias polas dificultades da súa familia para ocuparse del e a súa precaria situación económica, convideino a que pasara na miña casa de Madrid o tempo que fose preciso. Chegou a finais de outubro de 2018 nunhas condicións de saúde deplorables, nun estado deprimente que apenas lle permitía camiñar nin cincuenta metros sen parar a descansar. Ao día seguinte da súa chegada leveino ao hospital Ramón y Cajal, onde xa tiñan a súa ficha sanitaria e durante varios días estiveron facéndolle probas para estudar o seu estado e as posibilidades de sometelo á operación



Xulio con Luis Ferreiro e con amigos de Bueu

dun cancro que estaba moi avanzada, segundo me informaron os médicos. Cando xa só faltaba por facer unha análise e unha radiografía, para a que estaba citado á semana seguinte, o día seis de novembro, un ataque ao corazón terminou coa súa vida. Leveino eu mesmo ao hospital e, despois de agardar durante horas a intervención de urxencia á que



o someteron, os médicos que o atenderon informáronme de que finalmente non poidera superar o infarto. Tiña 69 anos.

Ao día seguinte, despois da incineración dos seus restos, a súa filla que vive en Madrid entregoume as súas cinzas e díxome que a vontade de Xulio era que descansaran en Galicia, en Bueu, a vila na que vivira na súa infancia e que, segundo me contara el mesmo, sempre estivo no seu pensamento.

## Un artista polifacético

Xulio Formoso nacera en Vigo, na rua General Aranda (logo Pi i Mar-gall) en 1949. Despois dos seus primeiros estudos no colexio Apostol Santiago desta cidade e en Bueu, rematou o bachelerato no Liceo Gustavo Herrera de Caracas. Era fillo de Julio Formoso, un piloto da marina mercante que se fixo xornalista tras exiliarse en Venezuela e chegou a ocupar a xefatura de prensa da Dirección General de Minas do goberno venezolano de Rafael Caldera.

Na casa caraqueña dos Formoso xuntábanse un fado de emigrantes galegos e exiliados antifranquistas como os poetas Celso Emilio Ferreiro e Xosé Luis Méndez Ferrín, o

artista e intelectual vigués Xosé Sesto, máis José Fernández Vázquez, o lendario Comandante Jorge de Sotomaior, un dos fundadores do Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación que participara no secuestro do trasatlántico Santa María en xaneiro de 1961. En declaracións a Fernando Franco no Faro de Vigo, Xulio Formoso dicía o 18 de outubro de 2015:

*“Pepe Sesto, el Comandante Sotomayor y mi padre se sentaban en tres cómodos sillones del jardín y mientras fumaban como si les fuera la vida en ello (de hecho se les fue la vida en ello) hablaban de lo humano y lo divino, de lo sagrado y lo profano en la terraza colmada de plantas y con vistas al Ávila de nuestra casa de Chacao al este de Caracas donde nos habíamos instalado los Formoso a finales del 65 cuando mi madre y yo llegamos a Venezuela desde Vigo a bordo del Santa María”.*

Nos Estados Unidos Xulio estudou a carreira de enxeñeiro de sistemas informáticos pola UTSA, en San Antonio, Texas, na Universidade Santa María. En Venezuela encentrou unha actividade de cantautor e foi membro fundador, como dixemos, do grupo de teatro Rajatabla. Segundo escribirá el mesmo nuns apuntes autobiográficos publicados no Faro de Vigo (“Memoria de Celso Emilio en Caracas”, 29-set.-2015):



*“La primera canción que compuse con letra de Celso Emilio fue “Pola longa lonxanía”. Sus rimas estaban como pensadas y hechas para la canción. Eran música en sí mismas. La combinación entre la letra y los acordes, a decir del poeta, tenía las cadencias melancólicas del desterrado, la morriña de las siempre cercanas costas verdescentes en el afecto y los sentires tan geográficamente lejanas... Poco después escribió “O dedo na chaga” especialmente para ser cantada; llegó un día a mi casa y me entregó una cuartilla escrita con bolígrafo azul con la canción. Durante años tuve ese papel conmigo hasta que en una de esas mudanzas nefastas y traumáticas desapareció para nunca más volver”.*



Xulio Formoso en febreiro de 1966

En 1970 publicou o álbum “Galicia canta”, producido coa intervención directa do poeta Celso Emilio Ferreiro, que participou no tema “Pandeirada do Che” tocando o pandeiro. Pilocho, o grupo Luar na Lubre e outros artistas galegos teñen feito versións dalgunhas das cancións de este disco. O mesmo Xulio escribiu sobre el: *“Al principio iba a ser un single pero después me propusieron hacer un Larga Duración completo. Poco tuve que ver yo en la edición de ese “Galicia canta” salvo tocar la guitarra y cantar. Celso Emilio, usando su seudónimo de Aristides Silveira fue el verdadero artífice de aquello. De no ser por él nunca se hubiera hecho. Y fue además mi primer disco, nunca antes había estado en un estudio. Lo grabamos en los vetustos estudios de Radio Rumbos con presupuesto y tiempo medido y sin mucha opción al error. Me acuerdo de que a pesar de que disponía de más tiempo, canté todas las canciones de un tirón, en dos horas, pensando que si me paraba no me iban a dejar seguir. Celso se había traído una gaita y un pandeiro de Galicia y era sin lugar a dudas un excelentísimo pandeireteiro o como sea que se llame eso”*.

En 1971 publicou o álbum “Xulio Formoso” e compuxo a música da obra de teatro “Tu país está feliz”, escrita polo poeta brasileiro Antonio Miranda. Formoso gravou tamén un disco coas cancións desta obra. En 1972 compuxo a música de “Venezuela tuya”, de Luis Britto, e en 1973 grabou o LP “Chipi Manahuac”, de claras influencias incaicas, froito das súas viaxes por Perú, Bolivia, Ecuador e Chile. Ese mesmo ano compuxo a música da obra de teatro “Jesucristo astronauta”, tamén de Antonio Miranda. En 1974 Formoso experimentou coa música infantil, actuando e cantando en “El elefante vola-

dor” un programa de televisión de María Elena Walsh. En 1974 gravou o seu sexto LP, “La canción que va conmigo”, título dun poema de Celso Emilio Ferreiro. Posteriormente viaxou a Puerto Rico e á República Dominicana, de onde foi expulsado por mor dun recital no cárcere de presos políticos cando a dictadura de Balaguer. Ese mesmo ano participou activamente en numerosos actos da campaña do Movimiento al Socialismo de Venezuela.



Dous anos antes tiña celebrado recitais no Chile da Unidad Popular, actuando cos irmáns Parra, e en 1973 escapou por pouco do golpe a Salvador Allende que asasinou ao seu amigo Víctor Jara e aos músicos do grupo que o acompañara nos seus concertos en Chile.

En 1975 publicou o LP “Guillén del son entero”, dedicado á obra do poeta cubano Nicolás Guillén, disco no que experimentou con ritmos afrocaribeños. Ese ano compuxo a música e actuou na obra de Ernesto Cardenal “El séptimo ángel”, e realizou un programa especial na televisión de Venezuela baseado no poemario “Longa noite de pedra” de Celso Emilio Ferreiro. O seu disco “Levántate, Rosalía”, do 1976, estaba dedicado a poñer música á obra do poeta venezolano Aquiles Nazoa. En 1977 grabou “Soles y centauros”, sobre a conquista de México, e com-

puxo a música para “El círculo de tiza caucasiano”, de Bertolt Brecht, obra na que actuou tamén como narrador e cantor. Á resistencia antifeixista chilena no exilio, Formoso dedicoulle ese mesmo ano o LP “Fuego y poesía”. En colaboración co poeta galego Farruco Sesto, grabou en 1978 “Amantes de ningún lugar”.

Ese ano marchou aos Estados Unidos contratado por unha multinacional para traballar en sistemas informáticos, a carreira que estudara naquel país, pero voltou á música co álbum “De par en par”. En 2004 compuxo a peza sinfónica “Cantata a Bolívar” baseada no poema homónimo de Pablo Neruda. A principios de 2006 compuxo as cancións do álbum “Canções perversas”, con letras de Antonio Miranda, gravado e editado no Brasil e interpretado por George Durand. En xuño dese ano foi nomeado polo goberno de Venezuela, Presidente da Fundación Centro Nacional del Disco (CENDIS), onde fixo un importante traballo de recuperación de músicas do folklore latinoamericano, algunhas totalmente esquecidas.

Unha das gravacións promovidas por esta institución foi “Anda suelto el animal” (2008), unha caixa de tres CD's con 39 cancións, un DVD e un libro, produto da colaboración entre Formoso e Farruco Sesto, no que contou coa participación de importantes cantantes e músicos venezolanos.

Outra das facianas de Xulio Formoso foi a súa actividade como artista plástico de vangarda. A súa derradeira exposición, titulada “Objetos dispersos”, celebrouse no 2008 na Galería Red de Arte de Caracas.

Desde 2007 escribía como columnista e articulista e facía ilustracións para diversas publicacións venezolanas como “Todos adentro”. Desde 2013 colaboraba tamén cos seus debuxos no Faro de Vigo.

## “Anda suelto el animal”. Cando a poesía se fai música



Dun tempo a esta parte, algunhas das reseñas que publico neste suplemento veñen sendo ilustradas por Xulio Formoso, un artista multifacético nacido en Vigo, cuxa infancia e adolescencia transcorreron entre esta cidade e a vila de Bueu, onde viviu coa súa nai na coñecida como Casa dos Picos, ata que en 1965 ambos os dous viaxaron a Venezuela para reunirse con Julio Formoso (Carnota, A Coruña, 1921-Caracas, Venezuela, 1978), pai de Xulio, un xornalista antifranquista exiliado en Caracas. Dende alí, Xulio iniciou unha carreira na que alternaba a pintura, a súa inicial vocación xunto coa escritura, coas súas actividades no eido da música como cantautor e compositor. O seu primeiro disco, grabado totalmente en galego, contou coa participación do poeta Celso Emilio Ferreiro, entón tamén exiliado en Venezuela. Algúns dos temas daquel LP foron versionados por cantantes do Movemento da Nova Canción Galega dos setenta. Máis tarde tamén a cantante Piloche e o grupo Luar na Lubre gravaron temas de Formoso. Dende aquel primeiro disco, Xulio Formoso publicou máis

de 18 álbumes e compuxo a música de varias obras de teatro, entre elas as de “Tu país está feliz” e “Venezuela tuya”, que foron unha verdadeira conmoción na escena venezolana dos anos setenta, interpretadas por Rajatabla, grupo de teatro fundado polo propio Formoso. Tamen é autor da música da “Cantata a Bolívar”, unha composición sinfónica con letra de Pablo Neruda, gravada polo Coro de Ópera Teresa Carreño e a Orquesta Filarmónica Nacional de Venezuela.

Entre as últimas grabacións de Xulio Formoso destaca “Anda suelto el animal”, unha caixa de tres CDs e un DVD no que pon música aos poemas de Farruco Sesto, outro galego do exilio venezolano, que ocupou varios ministerios nos gobernos de Hugo Chávez, entre eles o de Cultura. Formoso xa tiña colaborado con Farruco Sesto en 1978 compoñendo a música para os poemas de “Amantes de ningún lugar”, e o cantautor lembra que a primeira canción á que lle puxo música foi para o poema de Farruco Sesto “Gente pobre”, hai máis de corenta anos. Co tempo, o traballo entre os dous foise perfeccionando, e en “Anda suelto el animal” acada cotas de verdadeira harmonía. Farruco Sesto Novas, que naceu tamén en Vigo, fillo do escritor e debuxante Xosé Sesto López, vén publicando a súa obra en castelán, pero pese á lonxanía co seu idioma natal, mantivo sempre unha alta produción poética en galego (“Da estrela e da fouce”, “Por unha muller”, “Porta aberta”, “Esperanza”) que o levou con merecemento a formar parte da Real Academia Galega como correspondente. En palabras de Méndez Ferrín, neste mesmo suplemento de Faro de Vigo (16-11-2013), na poesía de Farruco Sesto “trasparecen delongadas lecturas da poesía galega e do mundo, de todo tempo”.

Engado aquí, traducida ao galego, a miña reseña do derradeiro disco de Xulio Formoso, publicada no Faro



## Animais en liberdade

Dende as primeiras cancións desta nova colaboración entre ambos, a poesía de Farruco Sesto alterna a sensualidade e o erotismo (“Anda suelto el animal”) co combate e a loita (“Canto del alba” e “El sur no es un lugar”, ambas con máis forza se cabe nas versións corais); a paixón amorosa (“Un amor desmedido”), o simbolismo (“Ella es la amada que no oculta el rostro”, “Me pongo la boina de la guerra”), os ciumes (“¿De dónde viene cuando viene sabia?”)... que a música de Xulio arroupa con acerto en cada unha destas manifestacións. Poesía que en ocasións se serve da identificación entre contrarios: “si voy, me quemó/si no voy me quemó”, “ella me da la vida/ella me mata”, “la amada cuyo nombre/ se sabe y no se sabe”.

Os versos de Farruco Sesto atopan na música de Formoso a canle ideal para a súa expresión poética, como e o caso de “Por conseguir las gemas”, un dos temas tratados con sinxeleza instrumental, na que o ritmo e unha melodía de gran beleza, identificanse perfectamente coa letra, interpretada, máis que cantada, pola voz de Xulio acompañada unicamente por unha guitarra acústica.

En “Nada será mientras no vengas”, a identificación entre a letra e a melodía musical alcanza outra vez unha harmonía perfecta. Cúmrese así o anxeio de Farruco Sesto manifestado nos versos de “Camarada, camarita”, outra das cancións do CD: “La música se ha encontrado con el sabor del poema”.



A derradeira entrevista

Algunhas das cancións deste álbum son novas versións de vellos temas, como “Canto al Che”, que figuraba naquel primeiro disco de Formoso co título de “Pandeirada do Che”. Contodo, a maior parte deles son novas composicións do cantautor para a produción poética de Sesto.

A destacar a variedade de ritmos e xéneros presentes ao longo dos tres CDs que compoñen “Anda suelto el animal”, dende o pop e o rock ás malagueñas e boleros, pasando por variacións de jazz, rap, country e incluso un vals que, nun xiro maxistral, Formoso transforma en tango nos derradeiros compases. Inclúe aínda un, a modo de romance cantado, sobre a zanfona tanxida por Isabel Palacios.



O acompañamento musical dos temas deste triple CD é moi coidado, tanto en relación cos músicos, todos eles excelentes profesionais, como na variedade de instrumentos presentes: flauta traveseira, guitarra acústica e eléctrica, piano, oboe, corda, acordeón, arpa... e nas voces de Lilia Vera ou Elena Gil, que acompañan á de Xulio Formoso nalgúns temas.

En setembro de 1996, durante unha viaxe de Xulio Formoso a súa Galicia natal, o cantautor declaraba a Faro de Vigo ter unha conta pendente: a de actuar diante do público de Galicia. Case vinte anos despois, sorprendentemente, ese soño segue sen cumprirse.

**Posdata: E agora, por desgraza, hai que engadir que xa nunca se cumprirá. Pero Xulio Formoso permanecerá connosco para sempre na lembranza e tamén coas súas cinzas aquí en Bueu.**

## Cartelismo





## Xulio Formoso debuxante e deseñador



Rosalía



Valle-Inclán



Castelao



Castroviejo



Rómulo Gallegos



Federico Ribas



Maruja Mallo



Johan Carballera



José Suárez



Torrente Ballester



C. Emilio Ferreiro



Ángel Valente



J. Benito Fernández



Xaime Toxo



Paco R. Pastoriza



Manuel Abalo



Arturo S. Cidrás



Salvador Rodríguez



Álvaro Otero



Fernando Miranda



Manuel Otero



Marcial



Tito



POP  
ART



Xulio Formoso



# Conversas no Varadoiro

Ana Gil



O varadoiro ou mariña seca

*Bueu, como vila mariñeira, tén a súa propia mariña seca onde os armadores poden facer cada tempada a imprescindible varada preventiva para poñer a punto os barcos, e poder evitar problemas maiores ou complicacións propias do desgaste e uso das embarcacións. Ademais fanse as melloras estéticas externas, que son as máis visibles, como chorrealas para quitarlles o arneirón e as barbas, pintalas ou darlles patente.*

## Un elemento imprescindible

O travel ou elevador-transportador funciona dende hai case 20 anos. A súa xestión depende da Confraría de pescadores San Martiño de Bueu. Este espazo dalle servizo aos barcos da área do concello e a outros da contorna. Neles deberían traballar os propios donos pero, como sabemos, hai una serie de profesionais que se sosteñen arredor da súa intervención como electricistas, pintores, carpinteiros... Todos eles son algúns dos especialistas que precisan os armadores e mariñeiros para facer estes traballos de arranxo e reparación.

Antes de contar con este recinto, os barcos subían polas vías que estaban nas ramplas do chan neste mesmo espazo onde estamos agora pero obviamente era moito máis incómodo traballar neles. Aquel sistema de fileiras de barcos tiña certas desvantaxes porque, se ben podían estar varios na mesma vía, á hora de botalos á auga, había de facerse sempre en orde inversa ao de subida (o que subía primeiro era logo o último en baixar). En troques, agora é máis doado movelos, podendo subir os barcos aos berces para traballar máis comodamente neles, ou baixalos e botalos no mar con relativa orde ou, as

veces, podemos pensar que tamén con relativa desorde. Ademais, o recinto foi mellorando co paso do tempo, na actualidade este recinto está pechado, ten una grúa pequena e outra grúa-travel para colgar os



O "travel lift" do porto



barcos mais grandes e transportalos ata os berces. Podemos ver a devandita grúa na primeira foto, así como a cabina de mando nesta de arriba.

O traballo do travel vai por rachas. De cara ao verán entran máis barcos. Nos meses de maio e xuño veñen os do polbo e teñen que estar abaixo en xullo. Os do mexillón tamén veñen cando teñen libre e os patróns aproveitan cando teñen veda (paradas biolóxicas), aínda que en certos casos de emerxencia, non queda máis remedio que subir a reparar, cadre cando cadre. Pero tamén hai días nos que non hai case ningún barco na explanada.

Ao cargo desta instalación está un operario, nado en Meira, onde os seus pais teñen un estaleiro aínda en uso pero como hai anos fixo o servizo militar en Bueu, xa quedou aquí para sempre. Namorou e casou en Bueu. Quería que nos contase algunha anécdota interesante, pero só nos conta que lle gusta o seu traballo aquí e tamén a xente de Bueu pois a súa percepción dos buenenses é que son boa xente porque son tranquilos e pouco conflictivos. Séntese ben acollido neste concello e está moi contento de ter asentado aquí entre a xente desta vila.

### Falamos cun carpinteiro de ribeira

-Na miña modesta opinión “este é un sector de enxeñería ao que non se lle dá ningunha importancia”. Non se potencian os barcos de madeira, non hai publicidade, nin promoción deste sector, aínda sabendo que cando estaba en auge, lle daba traballo aos madeireiros e aserradeiros que viven complementándose con nós. Agora sómente se pensa que o des-

tino da madeira é para as celulosas, e iso que non compiten unha coa outra: A fábrica de celulosa precisa eucaliptos, os barcos constrúense con piñeiro. Hoxendía, os montes non están igual de atendidos e coidados coma antes, xa non se plantan tantos piñeiros, porque claro, necesítanse moitos anos para que saian boas árbores. Ademáis, se cortas un eucalipto xa nacen centos deles, pero os piñeiros non se reproducen con tanta facilidade. Outro inimigo do sector son os incendios... Hai una chea de inconvenientes que se poderían solucionar, pero non sei ben por que non se fai. Parece que non hai moito interese en promocionar os barcos de madeira.

-Eu non lle quero reprochar nada a ningún político pero hai cousas que hai que dicir. As políticas que se aplican, terían ou teñen que favorecer a todos os sectores por igual, e non máis a uns que a outros: celulosas, madeireiros, estaleiros, mariñeiros, redeiras, pescantinas, hostaleiros...

-Aquí, os barcos que non son de madeira son de ferro ou de fibra de poliéster e aí radica o problema principal, o tema das subvencións. Se restauras un barco de madeira, danche un tanto por cen de subvención, mentres que se ti mercas un barco novo, danche o dobre. Claro, así é que os mariñeiros van mercando dos outros e deixan os tradicionais de madeira. Poida que se se lles facilitase a restauración, non os irían pasando ao desguace. Parece mentira, porque ata son máis quentes e seguros, pero...

-Se miras aquí a este mariñeiro, está facendo a reparación dun barco que rompeu cinco barraganetes, a cinta da obra morta, os rexistros, as falquillas, as



Grúa fixa



tapas, as “almohadillas”... Cada peza de madeira dun barco, cada táboa ten o seu nome. Ao redor deste tipo de construcións hai todo un arte.

-É una pena que se vaian perdendo estas embarcacións.



-Cando paseas por algún porto, de Galicia ou do mundo enteiro, verás como nos que haxa destes barcos de madeira, robustos e consistentes, parece que lle dan certo prestixio ao pobo. Porque claro, cando ves os barcos de vela modernos, si, están bonitos, mais non din nada especial porque son semellantes todos. Pero se miras os barcos pesqueiros, enténdese mellor a vida do lugar, danlle outro aire, outro valor ao porto, penso eu.

-Nós, no noso estaleiro, construímos todo pipo de barcos, grandes ou pequenos como as chalanas, e tamén facemos bateas. Pero hai un par de anos, reconstruímos un barco que fora ao fondo. Era un barco que chocara cun barco máis grande... non acordo ben como foi a cousa. O caso é que ese barco montouse en Vigo, e despois do afundimento, reflotouse. Daquela, un home interesouse por el, gustoulle tanto que lle pediu permiso ao dono para subir a bordo para facer una réplica. Sempre coa axuda dun carpinteiro de ribeira, sacándolle catro puntos de referencia, podes reproducilo. Isto é como cando un enxeñeiro de coches mira un coche, e pode sacar un modelo similar. Pois os barcos tamén. Este tipo de barcos non se fan con moldes senón con plantillas, case a ollo. Un carpinteiro de ribeira toma certos puntos de referencia e a partir de aí saca unha plantilla dun barco novo: poslle a quilla, pos a proa,



pos a popa, dúas ou tres cadernas no medio, tres á popa, tres á proa... E, segundo o gusto e o ollo do que constrúe, o barco sae!

-Mira este barco por exemplo, é de poliéster, pero ven sendo una copia dun barco de madeira. Moitos destes barcos están copiados porque con pouquiños GT(\*) aos mariñeiros cúndelles máis facer destes barcos. Antes facíanse os barcos por eslora e manga, pero agora para encargarse un barco novo, a cada armador concédennlle como una licenza de construción que é de tantos “gtes”. Non sei canto custa cada GT. Segundo cantos “gts” teñas na túa escritura así poderás facer o barco de calquera material.

*\*GT Significa Gross Tons. É unha medida de arqueo bruto: o sumatorio de volumes de todos os espazos pechados do buque. Isto inclúe espazos de carga, máquinas, habitación, pañois, tanques, etc. .*

Esa é outra cousa que penso eu que está mal feita. Cómo é que se pode vender unha escritura dun barco de madeira, para facer un de poliéster coa mesma escritura? Isto, sabes cómo debía ser? E que aquí ninguén tén a culpa. Xustifícanse con que é cousa das esixencias de Europa. Pero... o propio sería que cando desguazas un barco, a escritura morra. É coma un coche: cando morre o coche, morre a escritura. Pois un barco debería ser igual. Pero non é así, ti podes desguazar un barco e con esa mesma escritura facer un barco novo, ou venderlla a outro para facer o barco. A min paréceme que isto quere una revisión.

-O barco co burato na proa que aparece na foto, petou de noite nunha batea. A pesares de que, no que se refire ao traballo de carpintería, tería solución xa que se podería reparar toda esa estrutura que rompeu, aínda así, o barco vai para o desguace porque todo o demais sáelle carísimo ao armador: entre a electrónica toda nova, o motor novo... O golpe pode parecer pouco por afora, pero por dentro, aínda tén máis danos dos que se ven. É una pena, pero, é así.

-Esa é outra das cousas que che pasan. Cando ti pagas un seguro, fas unha valoración do barco e pagas por ese valor, pero cando o perdes, como neste caso, páganche só unha parte do valor.



Entón, para que che cobran como se valesse tanto, se ao final só cho pagan pola metade? Así como non van ir á ruina os mariñeiros? Parece mentira, pero para desfacerse dun barco aínda tés que pagar. Por poñer un exemplo, este barco que temos aquí, para que o dono se desfaga del, tén que pagar unha boa cantidade de euros: tén que vir una máquina a sacarlle o aceiro, o motor e todo iso para reciclalo nun forno en Santiago. Sen contar co que lle custou reflotalo, que non foi pouco. Así que claro, quen vai querelos!

Para rematar, fainos unha última reflexión sobre este oficio:

- O oficio de carpintería de ribeira sempre estivo mal pagado. Danlle máis mérito ás horas de traballo dun mecánico que vén cunha chave inglesa, que a nós. E se o pensas, resulta que un carpinteiro de ri-



beira, cando constrúe un barco fai una obra de enxeñería. Logo realmente somos enxeñeiros. O enxeñeiro fai os planos, si, pero o verdadeiro traballo faino o carpinteiro de ribeira. Na mesma comparación con coches: o mecánico tén un título, o carpinteiro de ribeira non. É un oficio ben fermoso que require moitas horas de traballo para a súa aprendizaxe. Cada barco é unha obra de enxeñería, unha obra de arte por dicilo dalgún xeito. Por iso, eu penso que se lle debería dar máis valor e publicidade.

Os carpinteiros de ribeira non teñen quen os represente en ningún lado. Mira, antes só por aquí, hai a penas corenta anos, había moitas carpinterías de ribeira, non sei contalas con exactitude...



Pero máis de cincuenta seguro: en Santa Cristina, Domaio, Meira, Moaña, Cangas, Bueu, Marín... E agora xa nin tantos carpinteiros quedan. Claramente, hai que dicir que debería poñerse en valor esta profesión.

-Esta reflexión lembroume o que me contaba un técnico de electrodomésticos, de cando foi a unha casa para reparar unha lavadora. Chegou, mirou, e apretou un parafuso, solucionando así o problema. Cobrou 60 euros por ese traballo. Ante as reticencias do cliente para pagar, díxolle o técnico: “Non che cobro polo que fago, senón polo que sei”.

Se cadra, aos carpinteiros de ribeira habería que facerlles máis caso, polo que saben e polo que fan.



# Viaxando pola costa galega: De Muxía a Camariñas

*Carlos Roberto de Pacho*

*Neste artigo, o autor rememora unha viaxe que fixo hai vinte anos, partindo cos seus acompañantes desde o Morrazo cara a **Comarca de Fisterra**, na Costa da Morte. No percorrido por esta zona, o viaxeiro, que non turista, destaca os valores culturais e monumentais máis salientables, sempre desde a óptica do mundo do mar que condiciona estes lugares en todos os seus aspectos.*



Panorámica de Muxía

A primeira parada foi en **Muxía**, para visitar o **Santuario da Virxe da Barca**, xa rehabilitado tras o incendio. A “*pedra de abalar*” non podía bailar, pero cumprimos co rito de pasar por baixo da “*pedra dos cadris*”, como reza a tradición. No adro da igrexa, un nativo, mariñeiro xubilado, comentoume que daquelas rochas da costa saían os mellores percebes de Galicia: ”- *Os do Roncudo levan a fama pero sempre foron mellores os de Muxía. Non son deses carallotes, os de aquí son pequenos pero gor-*

*dos. Teñen que probalos.*”

No porto da vila hai unha pequena flota de baixura, pero apenas distingo un par de embarcacións de madeira; substituídas por planadoras de fibra sen a mínima forma mariñeira. No porto deportivo, numerosas embarcacións de 7ª lista agar-



A Virxe da Barca



dan aos veraneantes. Queda para o recordo esta bonita estampa de hai cincuenta anos, co peirao cheo de chalanas esperando para saír a pescar ao mar.

Tras unha frugal comida na Praia da Cruz, a base de bocadillo de xamón e queixo, tomamos rumbo á comarca das **Terras de Soneira**.



Unha sorpresa estábanos agardando: baixando polos vales de Vimianzo cara a ría, vemos un pazo de torres ameadas, as **Torres do Cereixo**. Está empoleirado enriba dun promontorio e rodeado por un pequeno río. Tén a súa orixe no intento de protección destas terras fronte ás incursións, primeiro sarracenas, e tempo despois viquingas. As dúas torres datan do século XVI, un século despois foron unidas dándolle aspecto de pazo.

Nunha pequena praza en torno a un carballo centenario, atopamos a igrexa románica de Santiago do Cereixo na que destaca o tímpano da porta sur.



Nel descóbrese outra referencia ás embarcacións tradicionais, porque tén a representación en pedra máis antiga de Galicia da “*traslatio*” (o mito do traslado do corpo de Santiago apóstolo nunha barca). Pódese distinguir que se trata dunha barca construída a trincado ou calime).



Perto, a escasos cen metros, atópase un dos maiores hórreos de Galicia, trátase dun “*cabazo tipo Fisterra*” con dezanove pares de pés. Servía para gardar o gran que se levaba a moer nun muiño de marés que data do ano 1679, movido polas mareas da Ría de Camariñas, que aquí muda o nome por Ría do Porto. Unha porta ábrese nun muro de pedra para dar acceso a un pequeno embarcadoiro que avanza sobre a ribeira.



Continuamos camiño, xa a nivel do mar, polo que antano foi un gran porto comercial: **Ponte do Porto**. A vila hoxe está en decadencia, pero amosa restos dun glorioso pasado. Xunto ao peirao, pasamos ao carón dunha rampla de varada, pero continuamos cara a ponte que cruza a ría para deixar atrás Vimianzo. É unha fermosa ponte medieval con orixe no século XIII. Xunto co porto, impulsaron o tráfico de mercadorías entre o interior e a costa.



Antano, a pasaxe en barca aforraba o rodeo pola ponte



O deveso por chegarmos a **Camariñas** fíxonos seguir. Alí é imperativo visitar o Museo do Encaixe. No segundo andar hai unha curiosa maqueta do buque escola Juan Sebastián El Cano, con velas feitas de encaixe. A manufactura artesanal do encaixe deulle gran sona a Camariñas, e na época dourada da navegación a vela, partían de aquí cargamentos




deste encaixe cara a Vigo, onde eran fretados con destino a Cuba, pois alá eran moi prezados.

Antes de visitar o impresionante faro do **Cabo Vilán** percorremos o porto desta vila. Estamos en abril pero as vacacións de Semana Santa, cun sol de

xustiza, convida a tres rapaciñas a tomar un baño no peirao; hai gañas de verán!. Aquí atopamos máis embarcacións de madeira que en Muxía, pero tampouco moitas.

Pero, sen dúbida, a mal chamada **Costa da Morte**, segue a ser unha costa moi fermosa e pouco degradada. O escritor local, **Rafael Lema** (Ponte do Porto, 1967), a través dos poemas, as novelas e os libros de investigación, sempre ten presente o mar e estas terras comprendidas entre Cabo Roncudo e Fisterra. Un claro exemplo é o libro “*Costa da Morte, un país de sueños y naufragios*”, ou o seu último traballo “*Camiño dos Faros: Leyendas de la Costa da Morte*”



Toca retornar, e volvendo sobre os nosos pasos, en Ponte de Porto miramos un pequeno Liceo Casino á beira da estrada; outro sinal da importancia deste enclave noutros tempos. Este porto de bocarribeira, ou de marea, foi de gran importancia na comarca, como xa mencionamos anteriormente, polo comercio marítimo legal (pero tamén de contrabando).

Tivo Aduana Marítima ata comezos do século XX e feira mensual. Porto de entrada e almacenamento de sal, entre outros tráxicos (viño, trigo, produtos agrícolas como cebolas, gando, tellas e ladrillos, encaixes e mercadorías varias), que entraban e saían en **queches, diates portugueses, lugres, bergantíns, goletas, pinazas, barcotes, pataches e gabarras**. O derradeiro comercio foi o da madeira de piñeiro, que partía dos numerosos serradoiros locais cara as minas asturianas de carbón, a bordo dunha frota de gabarras de entre 14 e 18 toneladas, que navegaba ao **cabotaxe**.







A Ponte do Porto nunha imaxe retrospectiva



Cando íamos deixar atrás Ponte do Porto a marea alta case chegaba aos carros varadoiros dunha **carpintería de ribeira**. Vimos que tiña a porta aberta e paramos. Un neto, fillo e irmán de carpinteiro de ribeira é incapaz de pasar por diante dun estaleiro e non parar a botar unhas verbas.

Á esquerda da entrada aínda hai unha serra de cinta, que non xira dende hai tempo. O seu propietario, **Manuel Romero Dopazo**, comentoume que o seu pai fundáralo na década de 1940, procedente de Cabana de Bergantiños e construían embarcacións de ata 14 m. de eslora para Camariñas, Camelle, Muxía e Fisterra. A madeira aserrábana, moi preto do estaleiro, nos serradoiros locais; os mesmos que traballaban para exportar a madeira. Na actualidade xa non queda ningún en pé.

Hoxe en día fai reparacións de embarcacións de fibra. A última motora botouse no 2010... O conto de sempre: a desaparición dunha secular cultura marítima en aras dun suposto progreso.



Espero que iniciativas, como as da Asociación “Os Galos” de Bueu, sirvan de exemplo para estas costas.

Esta foi a derradeira parada camiño de Cangas, pero marchamos coa ledicia de ver como abaneaban, polas ondas da ría, dúas pequenas **embarcacións tradicionais**.





*A Mela Méndez, Santi Soliño e Salva Ferradas: easyriders de apocalipses felices.*

## O alento do tempo: Territorio e memoria

**Xaime Toxo**

“O universal é o local sen paredes”, escribiu o novelista de Tras os Montes Miguel Torga, e o aserto sérvenos de pasaporte literario para non sentirmos estraños ou estranxeiros en ningún lugar do planeta.

A mobilidade viaxeira converteuse nunha das formas da identidade contemporánea e, no entanto, xa o vimos todo antes: preparamos calquera desprazamento consultando guías, blogs, webs, vídeos... Somos na medida en que formamos parte dunha fileira ordenada para abonar as entradas no parque de atraccións global. Nun planeta sen protagonistas clonámonos en espectadores e actuamos igual ca notarios dunha realidade da que ignoramos case todo, agás a auto foto que traemos con nós de regreso á indiferenza. Con todo, as almas do “locus” están aí, invisibles, reais mais transparentes, intocables. Posiblemente só se poidan explorar con palabras.

A memoria dos cambios, das transformacións, a desaparición ou conservación das herdanzas patrimoniais, vai unida ás estirpes dos humanos que se valeron dun territorio para fundar hábitats. Tamén sucede no caso que nos convoca, a vila onde nacemos. O que nos comunican e transmiten os diferentes Bueu, visibles e invisibles, constitúen o feixe de narrativas da súa historia e intrahistoria: o que sucedeu até chegar ao momento actual, mais tamén as diversas maneiras de traballar, de edificar, ordenar, nomear e falecer. É o que documentamos baixo o epígrafe de patrimonio conservado, sucesos docu-

mentados, arquivos fotográficos ou filmicos, rexistros narrativos e historias de vida. A iso hai que sumarlle os invisibles, as ruínas mudas, os entullos e refugallos, os tellados vencidos, as fachadas cegas, as corredeiras asfaltadas, todo o que contén unha memoria que transcende o puramente arqueolóxico, histórico ou artístico, e ten que ver cunha identidade que xerou símbolos materiais e inmateriais. O que nos fai sentir dun lugar, o que identificamos como noso, ou recoñecemos como parte propia do noso devir.



Non hai nada no tempo, practicamente antonte, existiu unha época na que as casas tiñan nome. Podías percorrer a fachada litoral de Bueu, dende o puntal de Pescadoira ata o Can do Penedo, recitando os patronímicos e alcuños dun urbanismo humano que, á súa vez, elab-

borou un léxico que o representaba: alcriques, forno, peixe, viño, folla de lata, pneumático, tesoiras, conserva, lonxa, barbería, xeo, carretilla, lagar, vai-xela, billa, morto, estacada... A maioría deses vocábulos, o mesmo que o tecido social do que abrollou, fan referencia a unha serie de realizacións materiais e oficios que conformaron a nosa vila e a nosa vida: construcións mariñeiras, estaleiros de ribeira, fontes, lavadoiros, salgas, conserveiras, casas con balcóns ou galerías, peiraos, bufardas, azulexos, alboios, lagares e alpendres. Moitos desaparecieron, incluso da nosa memoria. Do patrimonio industrial dun Bueu maioritariamente conserveiro apenas per-

manece un resto no Museo Massó. Moitísimo esfarelouse, outra parte esmoreceu ou agoniza nalgún rocho do invisible.

O proxecto MEMORIA E TERRITORIO supón unha primeira aproximación, non vai máis alá de ser unha proposta de análise subxectiva e de valoración literaria, de determinados acontecementos inseridos no tempo. Baseada na memoria e na fixación textual, viaxa da crónica individual aos recordos comunais. A palabra e a linguaxe son os materiais que lle dan forma a unha arquitectura popular onde todos somos protagonistas.

É un proxecto que adquire sentido desde a continuidade xeracional e alenta unha suxestión explícita de conservación e recuperación desa parte da nosa identidade, a que se transmite oralmente. É a través da curiosidade, o interese e a sensibilidade como unha comunidade que orixina dinámicas de relacións pode compartilas, comprendelas e facelas de todos.

Cando paseas, camiñas ou amasas os recordos, realmente... por onde andas? Que nos aportan determinadas imaxes ou sons que xa non existen, que non volverán a existir? Se digo que canda nenos xogabamos ás buxainas, ao galope ou ás bolas no recheo que había diante da de Attilio, ninguén que teña menos de corenta anos saberá do que falo.

Como se constrúe o que desapareceu? Que pouso deixou en nós? Sobre que realidade intervimos? A inmediata, diríamos, a que temos máis á man; a que está aí, tan próxima que forma parte de NÓS. Sabémonos parte dun mapa humano, que é o pano bordado da nosa intimidade, e dun espazo de casas, rúas ou camiños, lugares de estar e oír: a familia, a casa, os veciños, o barrio, lugar ou parroquia..., e o que hai máis alá. Topografías dunha primeira identidade.

### **Memoria e territorio I: Meu barrio**

Crieime á beira do mar rodeado de xente e voces. Pouco máis había daquela que palabras e realidade física comunal, compartida. A praia de Pescadoira estendíase diante dos meus ollos como a maquina-

ria perfectamente engraxada dunha serie de acontecementos dos que eu formaba parte. Nunca me entendín sen ser de onde veño e daquela xente. Falo dun tempo onde aínda mirabamos regresar á terra os botes polbeiros engalanados a vela desde a boca da ría. A praia era daquela un mundo en si mesmo, un espazo comunal de convivencia e traballo, unha factoría, unha veiga de gamelas e chalanas varadas, un obradoiro de remos, patelas, estobos, rizóns, liñas e ganapáns, unha estacada brillante de aparellos a secar. A praia como lugar traballo é algo hoxe desaparecido, daquela pouco máis había que iso. Das infindas manobras, atraques e amarres, das chamadas e berros, dos copos abertos das rapetas, vertendo por riba da area unha lúa chea de peixe prateado, non queda nada. Mais todo iso estivo alí, onde case nin praia resiste.



Os recordos fíxanse no tempo e permanecen ancorados ao asombro. Aínda vexo a Salvador armar un palangre nunha patela sobre o muro, a María mazando un polbo no penedo, a Chiño prender un lume para encascar un trasmallo. Espértame o chifro da fábrica de

Alonso, moi cedo, asomo á xanela do meu cuarto. Está alborexando, hai mar de fondo e marea baixa. A resaca varre o areal até os pontóns que permanecen en pé do vello peirao de Tapias. Refulxe o mar baixo unha luada que case cega. Hai un home que camiña por riba do “muelle”, vai e vén cargado de trebellos. Arría un cabo amarrado a unha argola e cobra dunha gamela fondeada. Embarca con coidado, tan a modo que semella facelo a cámara lenta. Monta os remos nos toletes e boga. Aínda é noite. Teño nove anos e, sen sabelo, estou construindo os recordos.

### **Memoria e territorio II: As Escolas.**

Meu tío Paco pertencía ao que daquela se chamaba a Sociedade de Cazadores e tiña unha “vespa” á que enganchaba un remolque onde levaba os cans cando ía o monte de caza. Tamén nos levaba a nós á escola cubertos cunha lona os días que chovía. A escola era coñecida como a do Sr. Antonio Magdaleno, propietario do baixo onde se daban as aulas.

Unha casa de cantería que aínda existe na Canceleira, case enfronte da capela de San Xosé. Circulaba un regatiño por diante da porta, pouco máis que un rego para veigas, que corría na primavera cheo de larvas de ras ás que chamabamos en español “cucharillas”. Tan diminutas como as meniñas dos ollos, vibraban a centos na transparencia máxica do xogo de apañalas que enchía os nosos recreos. Naquela escola aprendín a ler e escribir. O recordo máis vivo que manteño, nun interior espazoso de mesas e bancos de madeira corridos, evócoo grande e sombrizo, sería a palabra ditado. Como si copiar o texto que a voz do mestre nos recitaba en voz alta fose o único que faciamos alí dentro.

A memoria auditiva talvez sexa a máis difusa das memorias que posuímos. Assimilar un recordo a un son é sumamente complexo. Agora que intento oílos de novo na lembranza os sons que

resoan daquela época son os chifres das conserveiras, o mazar rítmico dos polbos, os apupos de forza que daban os homes cobrando das rapetas ou empurrando as chalanas praia arriba para deixalas en seco, o bater constante do mar contra a area.

A escola por excelencia da miña infancia foi a capela vella de Pescadoira. Hoxe, como tantos outros, un invisible desaparecido, unha mágoa. Cantos nenos e nenas pasaríamos por esa escola? Que recordos gardaremos dela? Da escaleira de pedra sen varanda e do patín tellado que había antes da entrada, a porta de madeira de cor verde, as mesas onde escribíamos os deberes e os bancos nos que nos arrexuntábamos. Os mapas mudos de España pendurados dun cravo para sinalar cun punteiro os afluentes pola dereita e a esquerda dos ríos e os accidentes xeográficos dun territorio que recuperara coa Ditadura as ínfulas imperiais, as cruces omnipotentes e os retratos de ideólogos fascistas. A pedagogía que se aplicaba era a da regra na man e o vimbio nas pernas. Cantabamos que por Dios, la Patria y el Rey murieron nuestros padres... Naquel sobrado longuíssimo de ventás que daban a un mar que os días de marusía rompía con forza volcánica contra a escolleira, había que asumir a tensión da violencia como a forma



natural de relación entre os adultos e os meniños. A sen fin repetición “machadina” das táboas de multiplicar e os nomes dos cabos e provincias onde se topaban: Machichaco en Vizcaia... , enchían o volume lúgubre dunha escola presidida por un inmenso cartel que celebraba os XXV Años de Paz franquista.

O vello edificio da escola de Pescadoira era un cachalote de perpiaños varado na orfandade de ser a única construción levantada en beiramar nesta banda de Bueu, a que ía desde o ramal de Palmeiro deica o centro da vila, onde estaban a praza e a lonxa.

Na Banda do Río, no outro extremo da praia, construíranse casas ás beiras do mar. A diferenza marcábana a conformación da barra de terra firme, orixinada pola desembocadura do río Bispo, que separaba as brañas e xunqueiras que formaban as lagoas da praia.

Mais para un neno de oito anos de idade en 1964, a Banda do Río era outro planeta, habitado por nenos dos que apenas sabíamos nada, aos que nos enfrontabamos nas liortas de bandas que xurdían entre os barrios.

### Memoria e territorio III: Os cines.

Inevitablemente somos dun tempo e dun espazo. Non podemos zafar a esas coordenadas. Non podo fuxir do neno que fun, o que fedellaba nas regañas das pedras buscando queimacasas, ía “ao lance” de pexegos, xogaba a pai, fillo, nai no banco de pedra baixo a balconada da fábrica e botaba liñas aos buracos. Estamos inseridos nesa patria chamada infancia, nun pasado que nunca pasa, que recuperamos co paso dos anos como o momento no que a maxia, o insospeitado, a ficción, son unha parte importante da lóxica que explica os acontecementos que nos sucederon.

A ficción concédenos a posibilidade do simbólico para interpretar e modificar a realidade, permite soñar e imaxinar. Contaba Cunqueiro que cando de neno en Mondoñedo xogaban a indios e vaqueiros, os que facían de indios falaban galego e os vaqueiros español. O simbólico levado aos xogos dos nenos. A ficción na nosa infancia procede maioritaria-

mente dun invento do século que viviamos, que viñera substituír os contos e lendas que até intre forneran a imaxinación da xente. Ese invento era o cine, a gran fábrica de paixóns e devezos. Queriamos ser americanos, porque vivían en cidades con rañaceos onde había de todo; ou romanos, porque eran fortes e vestían coirazas invencibles; ou vaqueiros, porque andaban a cabalo e ninguén lles dicía o que tiñan que facer. Porque o viramos no cine construíamos arcos e espadas para facerlle a guerra aos do Outeiro e o Valado, aínda que sempre rematásemos a pedradas.

Ir ao cine talvez fose a actividade social máis cosmopolita, moderna e democrática nesas décadas dos cincuenta e sesenta do século pasado, onde a transformación que ía supoñer a chegada de cafeterías, restaurantes, pubs e discotecas aínda non fixeran aparición; ou era sumamente minoritaria.

Dos tres cines que había en Bueu do que menos recordos gardo é do Guerra de Beluso. O feito de vivir en Bueu facía que nos movésemos pouco do ámbito central da vila, pero conservo inesquecible a lembranza de ver nese cine a película de animación *101 Dálmatas*, que me deixara fascinado.

O grande cine de Bueu, polo tamaño da sala e da pantalla, o número e calidade das butacas, o empaque maxestoso do edificio, era o cine Avenida. Posuía un pórtico de entrada, vestíbulo amplo separado da sala de proxección por uns cortinóns de pano vermello e varios acomodadores con lanternas os domingos, que era cando se enchía a rebordar. A sesión de media tarde dos domingos daba a impresión que todo Bueu estaba no cine para ver algún filme da United ou M.G.M que nos deixaban aturulados. Posiblemente a primeira vez que fun ao cine na miña vida fose no Avenida, debía contar con seis ou sete anos de idade, acompañando aos meus pais. A película era *Taras Bulba*, estreada en España en 1963. Impresionoume a escuridade da sala, o tamaño xigantesco que adquiría a realidade na pantalla e o terror que me transmitiron as imaxes. Eu era un meniño medorento e pasei a metade da película cos



ollos fechados. Asocieí cine a pasar medo e non o superei até que uns meses despois fun ver, en compañía dos meus irmáns, *Los hermanos Marx en el Oeste*, e alegría dos risos derrotou a apreensión do pánico que arrastraba. A frase de Groucho: “Más madera, es la guerra”, permaneceu en min como a fotografía máis nidia duns nenos chantados diante dos fotogramas que se expoñían no exterior co prospecto que reproducía o cartel na man.

Porén, o cine “underground” de Bueu era por definición o Victoria. Aquela caixa de zapatos, con corredor polo medio dunha ringleira de auténticas cadeiras cinematográficas, incomodas e ruidosas, seducíanos polo carácter barulleiro das sesións infantís. A tropa de nenos e nenas alborotabamos todo o tempo, en ningún momento deixabamos de berrar, empurrar ao que tiñamos diante e aplaudir que gañan

sen os bos, o mesmo que insultabamos a voz en grito aos malos cando perdían, contentos de que os matasen. O Victoria non podía ser máis engaiolante e vitalista.

Naquel Bueu esmagador, opresivo e autoritario o Victoria foi, sen dúbida, o noso primeiro recuncho de liberdade. Alí, en 1966, con once anos de idade, presenciei unha rabuda algarabía de fans do cantante Raphael na proxección do filme “Cuando tú no estás”, do que era actor protagonista. Cada vez que interpretaba un dos seus éxitos musicais púñanse de pé nas cadeiras e berraban arreboladas de emoción. Como agoiraba a miles de quilómetros de distancia Bob Dylan, os tempos estaban cambiando.

Anos despois, sendo un mozo universitario, entrei por última vez no Victoria a ver os 173 minutos que dura *Arde París*, en compañía dalgún dos meus amigos, ou Salva Ferradas ou Santi Soliño. Foi nun día de semana nunhas vacacións de Nadal, non había ninguén máis na sala e aturamos a incomodidade que esqueceramos e o frío penetrante dunha desas nortadas inclementes de Bueu..., até que apareceron os títulos de crédito. Saímos para meternos seguramente na discoteca Gato Azul sen saber que nunca máis volveríamos a entrar naquel caixón de lembranzas.

# A ILLA DE ONS

## Ou o exceso de vivir

*Isidro Cortizo del Río*

Texto e pinturas


*Todo comezou hai algo máis de 40 anos..., eramos tres rapaces: Adolfo , Isidro , Emilio , unha lona azul e a ansia de aventuras , embarcamos no AZOR con catro isleños e unha vaca , á que lle retorcian o rabo para que baixara as escaleiras do muelle ; partimos e pronto ó virar a punta de Cabalo o horizonte abreuse para nós cara occidente. A partir de aí , a terra queda atrás e todo fica con ela.*



*Naqueles tempos ir á ILLA era facer unha viaxe no tempo : os que quedaron nela eran os derradeiros depositarios dunha cultura en desaparición , e os que marcharon , case todos , deixaron os hórreos valeiros coma metáforas do abandono.*



*Hórreos de Canexol*



*Un dos sitios onde se percibe con máis intensidade a sensación de ausencia é o camiño do cemiterio que comeza polo norte despois de pasar a casa de Aurita e Miro , é ancho , íntimo, chan , sempre cheo de paxaros , algún coello que se agocha e lagartos arnaos que se oen pero non se ven.*



3



*Segunda parte*

*O mar de ponente*



*A curiosidade sempre te leva ó oeste , coma se a gravidade do sol te arrastrara os cantís para despedir o día , alí a primeira ocorrencia é que un pouco máis alá está América , só un pouco de mar no medio e estás en Brooklyn.*

*Mentras as gaivotas chian sobre o son do mar rompendo en Canivelíñas , os cormoráns , sempre de loito , calan .*



*O faro agarda para ser acendido,  
...e así acaba un día calqueira de calquer  
ano , sábeo o que algunha vez estivo ali.*

*A noite é outro conto...*



## Barcos de papel

### Referentes culturais



Somos conscentes da actividade cultural que a nivel individual e comercial (blogs, presentacións, charlas..) veñen desenvolvendo actualmente diversas persoas de Bueu, propiciadas polos novos medios de difusión e comunicación e dalgunhas delas xa nos temos ocupado nestas páxinas. Agora queremos facer unha breve reseña daqueles colectivos que se constituiron para darlle saída e visibilidade a actividades culturais específicas, xa enraizadas na historia da vila ou que contribúen a colocala nun ámbito que ultrapasa a súa propia xeografía.



Todos estes colectivos particulares, en maior ou menor medida, contan co apoio institucional do Concello do que xurdiron os premios de poesía e xornalismo Johan Carballera hai 25 e 18 anos respectivamente. Aínda que instalado desde 1932, o Museo Massó non adquire carácter público ata 1994 da man da Xunta de Galicia e nestes 26 anos de vida tén enriquecido o seu patrimonio e aumentado as súas actividades converténdose tamén nun lugar de dinamización arqueolóxica, artística ou etnográfica, colaborando tamén con asociacións que operan no seu ámbito. Unha destas é a Asociación “Os Galos” que xa leva un cuarto de século adicada á recuperación, protección e mantemento do patrimonio marítimo da vila e organizando anualmente os Encontros de Embarcacións Tradicionais que xa cumpriron 23 anos.



No ámbito da Recuperación da Memoria Histórica e da normalidade democrática, exerce as súas actividades desde hai dúas décadas, a asociación “Amigos de Johan Carballera” que tamén mantén viva a memoria deste xornalista e exalcalde de Bueu a través da colaboración nos premios do mesmo nome. No debate sobre temas históricos e de actualidade e na presentación de traballos e libros referentes a Galicia, actúa a asociación “Ricardo Gómez Buceta” que programa charlas e actividades neste ámbito desde hai unha década.

O Festival Internacional de Curtametraxes (FIC), nos seus trece anos de traxectoria, tén alcanzado gran relevancia neste ámbito cinematográfico e igual que a Asociación de Alfombras, coas súas creacións efémeras, sitúanse hoxe como coñecidos referentes creativos e plásticos que redundan na promoción internacional de Bueu.



### Premio Matilde Bares



Sira Vidal Laxe

Sira Vidal Laxe, profesora de Lingua e Literatura Galega no IES Rosalía de Castro de Santiago, acadou este ano o primeiro premio do Certame Matilde Bares de Relatos de Muller e Igualdade que convoca o Concello de Bueu. A autora, natural de Fornelos de Montes, presenta un relato con trasfondo migratoria no Franquismo, dunha muller casada e con fillos que vai enfrentar soa ese periplo con todo o que supuña nestas datas de clara discriminación feminina en todos os eidos e a mudanza de roles neste caso.

O relato, contado en dous tempos, abre tamén a reflexión sobre o tema da discriminación e os prexuízos que pesaron sobre a muller nas distintas etapas migratorias e sobre como houbera sido de seren elas as protagonistas. É a primeira vez que se presenta a un certame e a temática deste de Bueu, que conxuga muller e igualdade, serviulle de estímulo.

### Premios Johan Carballera

A xornalista Marta Veiga Izaguirre foi a gañadora da XVIII edición na categoría de xornalismo pola súa reportaxe “Cantigas para despois dunha pandemia”. O XXIV premio de poesía recaeu este ano no innovador poemario “Dou aulas de ioga por videoconferencia” dos autores Xandra Táboas e Adrián Mosquera.



## Exposición e charlas en Pontevedra

Entre o 12 de novembro do pasado ano 2019 e o 14 de xaneiro de 2020 tivo lugar no Edificio Sarmiento do Museo de Pontevedra a exposición «**Inventio Mundi. Galicia nas viaxes transoceánicas. Séculos XV - XVII**», organizada polo Consello da Cultura Galega coa colaboración da Xunta de Galicia, e a Deputación e Museo de Pontevedra.



Estivo comisariada por Ofelia Rey Castelao quen recoñecía as dificultades para montar esta mostra pois abarca una parte da historia de Galicia que se descoñecía porque ata agora permaneceu practicamente invisibilizada e a penas hai documentos e materiais da época. Para a exposición e as charlas escolleuse Pontevedra pois nelas reflíctese a época na que esta cidade viviría a súa idade dourada, converténdose no porto máis puxante e dinámico de Galicia sendo que, poucas cidades como ela teñen un pasado tan estreitamente vinculado co mar e lle aportaría á historia tantos navegantes en palabras do director do Museo.

En 30 paineis. cóntase como aquela viaxe lle deu ao vello reino galego unha oportunidade de aproveitar a súa situación nas rutas atlánticas, as vantaxes dos seus portos e a tradición dos seus mariñeiros.

O motivo desta exposición foi a conmemoración do quinto centenario da partida da expedición Magalhães-Elcano que completaría a primeira circunnavegación do planeta e as consecuencias que aquela formidable viaxe tivo

para Galicia pois deulle a oportunidade de aproveitar a súa situación nas rutas atlánticas, as vantaxes e posicións dos seus portos e a tradición dos seus mariñeiros. Os Reis Católicos tiñan descartado a Galicia como núcleo da Carreira das Indias, pero os galegos adifeirados aspiraban a ter parte nese xigantesco negocio.

A Casa da Especiaria da Coruña foi un soño breve pero deulle a Galicia un notable protagonismo que tamén se debe celebrar. A mostra ofreceunos esta historia daquela navegación galega que partía do interese no comercio coas illas Molucas e que remataría no século XVII ao se iren transformando os xeitos de navegación.

A exposición e as charlas fixeron, asemade, un percorrido pola Galicia navegante e a súa historia, ademais de homenaxear aos esforzados navegantes galegos que abriron os camiños do mar, atopasen ou non gloria nas suas empresas.

Deste xeito, recuperou a historia dos nosos grandes navegantes como Sebastián de Ocampo, que demostrou o carácter insular de Cuba; Fernando de Andrade, responsable de viaxes oceánicas; Gómez Pérez das Mariñas, que navegou polo Pacífico, Pedro Sarmiento de Gamboa, clave para entender a cartografía da época, os irmáns Bartolomé e Gonzalo García de Nodal, Juan Rodal, a relevanza do Gremio de Mareantes ou as narracións de García de la Riega.



## Manjúa!




Pedro Luis Madrazo Gutiérrez é un autor cántabro que nas suas últimas publicacións vén divulgando diversos caracteres etnográficos desta comunidade como as lendas, os oficios ou personaxes senlleiros. Pola súa relación co mar e a pesca traemos aquí a súa publicación *Manjúa*, nome co que designan nos seus portos a un gran cardume ou banco de peixes.

Este relato novelado de liña costumista está ambientado na vila de Laredo, localidade de ancestral actividade peixeira na que se vivía exclusivamente de e para a pesca. A trama transcorre durante os días previos ás celebracións que tiveron lugar pola inauguración da anceiada ponte de Treto na primavera de 1905 e ao longo da festiva xornada da súa estrea.



## Barcos de papel

### Presentación libro



O venres 12 de marzo deste ano e no Centro Social do Mar tivo lugar a presentación do libro “As fillas da Manola” pola súa autora María López Correa. Este relato foi ga-lardado no IX Certame de Relatos de Muller Matilde Bares en 2019 e nel cóntanse catro historias de diferentes mulleres emparentadas entre si, resaltando a forza e a valentía das mesmas, unidas pola soidade ante os atrancos das súas vidas.

A través das narracións faise fincapé na importancia da creación dunha rede de apoio entre elas. María López xa tiña acadado no ano 2015 o II Premio de Microrrelatos de RNE con “Polisemias”.



## O miradoiro dixital

### Ons: A película



Xa a comezos de setembro de 2020, durante as xornadas do F.I.C., tivo lugar a presentación da película "Ons" e o 12 de decembro fíxose a súa preestrea en Bueu. Esta é a quinta longame-traxe do director compostelán Alfonso Vilas Zarauza e no reparto figuran actores galegos como Antonio Durán “Morris”, Melania Cruz, Miguel de Lira, María Vázquez, Xulio Abonjo e Marta Lago coa colaboración de veciños de Ons que actúan como un importante personaxe na trama de drama e misterio que se desenvolve neste entorno. Tras dun trasfondo amoroso desenvólvese a historia dun matrimonio en crise e a aparición dunha misteriosa muller que naufraga nunha illa deshabitada, papel protagonizado

pola actriz belga Anaël Snoek. A rodaxe, realizada nos meses de outubro e novembro de 2019 pola produtora Maruxiña Films, non estivo exenta de dificultades polo mal tempo reinante e contou coa colaboración de cámaras en drons de Aeromedía que nos ofrecen espectaculares imaxes da illa.



Plantel de actrices e actores en Ons

### Visita virtual ao Museo Massó



O 30 de decembro do pasado ano tivo lugar no Museo Massó a presentación do libro-guía “Crece co Mar. Os gozos e as sombras dunha vila mariñeira”, que recolle os textos e imaxes da exposición do mesmo nome celebrada anteriormente. Deixar constancia da mesma e da nova fasquía do Museo son os obxectivos desta publicación que pretende dar unha visión e impacto da actividade pesqueira

e industrial no desenvolvemento de Bueu desde finais do século XIX ata comezos do XX. A obra foi presentada polo secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, a directora do Museo, Covadonga López de Prado e a arquitecta María Novas, deseñadora da exposición.



Acto da presentación Foto G. N./ F. de V.



## A case centenaria Biblioteca de Bueu

En febreiro de 1926, o rei Afonso XIII asina un R. D. instaurando a Festa do Libro Español o día 7 de outubro deste ano, día no que daquela se cría que nacera Cervantes. E así se foi ata 1930 en que se muda para o 23 de abril. Naquel ano 1926 e coincidindo coa data establecida, o alcalde de Bueu Camilo Davila promove a creación<sup>1</sup> dunha Biblioteca Popular nun dos baixos do Concello que comezaría a funcionar meses despois. No ano seguinte e con motivo da celebración desta data en outubro de 1928, Luis Buceta publicaría no xornal vigués "El Pueblo Gallego" unha reseña na que fai un balance do funcionamento da Biblioteca, a primeira que se establece nunha vila do Morrazo.

<sup>1</sup> Máis información en: [acidras.blogspot.com](http://acidras.blogspot.com)

A Biblioteca Popular Municipal desta vila, inaugurada hai un ano con ocasión de celebrar a festa do libro, constituíu un éxito superior como se agardaba. Xa ninguén dubida, nin aínda os que mostraban o seu escpticismo ante o proxecto, que Bueu sentía necesidade dunha institución de cultura desta natureza. A concorrencia á sala de lectura é enorme e asidua, ao extremo de que o local que, nun principio se xulgou suficiente, xa resulta pequeno.

Non bastan os pupitres nin os asentos que existen. A maior parte dos días é preciso autorizar a permanencia na Biblioteca a maior número de lectores dos que a capacidade daquela consente. E algúns Ien de pé, preferindo, estar en tan incómoda postura, antes que renunciar ao pracer ou á utilidade que a lectura lles proporciona.

Para que non se xulgue esaxerado o éxito que ponderamos, basta consignar o dato de que cunha poboación tan escasa que non excede de 4.000 almas a agrupada na vila, servíronse durante o primeiro ano, 2.013 pedidos de libros. Pode calcularse ademais noutros tantos lectores, o número dos que acudiron a examinar as revistas ilustradas ás que está suscrita a Biblioteca, as cales se achán á disposición de todos sen necesidade de cubrir a papeleta de petición. Claro é que todas as obras que se serven son de amena literatura. E aínda dentro deste xénero, pertencen, na súa maioría, ás súas máis modestas manifestacións.

O conto infantil é o que máis aceptación alcanza entre os lectores. Pero téñase en conta que estes, xeralmente, son raparigos e nenos que non pasan dos quince anos. A esa idade non se pode pedir refinamento do gusto literario. Pero chega o afán con que se dedican á lectura para asegurar que, en prazo non afastado, a estatística de obras servidas da que tomamos estes datos, téñen de causar un notable progreso na orientación intelectual destes homes e estas mocidades do mañá.



E aínda neste sentido non podemos queixarnos. Marcando un laudable contraste coas "Aventuras de Pinocho" hai outras obras de máis alto voo que lograron a predilección do público infantil. Entre o dez libros que teñen alcanzado maior número de lectores, figuran "A Casa da Troia" do noso ilustre e malogrado paisano Pérez Luján. E tamén está "Desamor", interesante e castiza novela de Fernández Villegas, o notable crítico de teatro que popularizou o pseudónimo de "Zeda". Entre os contos mesmo, é alentador dar o detalle de figurar á cabeza dos pedidos "Las mil y una noches", outra mostra das letras arábicas e as sinxelas narracións que cimentaron a fama de Carlos Perrault.



Non todo o labor que na Biblioteca Popular de Bueu se realiza é de mero pasatempo. Os libros de estudo tamén se consultan aínda que en cantidade máis reducida, xusto é confesalo. E no que á Economía doméstica se refire, prestan un servizo moi estimable as revistas de modas, que son obxecto de constante consulta e de predilección decidida do belo sexo. O caudal de de libros, que ao se inaugurar a Biblioteca ascendía a cincocentos volumes, aumentou nuns douscentos durante o primeiro ano da súa existencia. A maior parte foron aqueridos con cargo á canti-

dade consignada no orzamento municipal. Algúns débense á liberalidade e altruismo de distinguidos veciños da vila. Ademais do "Gran Diccionario Hispano Americano" donado por don Gaspar Massó García, tamén contribuíron con notables obras á prosperidade desta institución, dona Josefa Cabañillas, don Ignacio Lis e don José Martínez Pastoriza, quen merecen homenaxe de gratitude por iso.

E de agardar que o Concello continúe prestando calor á idea de cultura e de progreso que a Biblioteca Popular representa para Bueu; e que os fillos deste fermoso pobo axuden co seu xeneroso esforzo e colaboren a esta grande obra, cuxo beneficioso resultado non pode apreciarse de momento, porque é labor de perseverante lentitude, pero que a vulgar polo vigor con que nace, ha ser de gran transcendencia no porvir. Este chamamento non se dirixe só aos que aquí residen, senón tamén, e moi especialmente, aos que en lonxas terras loitan denodadamente pola vida.

Cantos deles acharían máis facilidade para canalizar e desenvolver as súas aptitudes nas penosas andanzas por eses mundos, se no seu tempo dispuxesen do medio de instrución que hoxe lle brinda o Municipio coa Biblioteca aos futuros emigrantes. Todos temos un libro que nos ensinou algo útil, que serviu de alivio á nosa pena ou de descanso no noso traballo, e que probablemente non habemos volver a ler xamais. Este libro que xa non nos serve pode facilitarlle a outros a utilidade ou o solaz que un día nos proporcionou.

Non debemos negar tan pequena axuda a quen a necesitan. E isto é o que se lle pide aos fillos de Bueu, aos ausentes e aos presentes: que correspondan ao entusiasmo dos pequenos e asiduos concorrentes á Biblioteca con donativos de libros útiles e amenos onde poidan nutrir o seu espírito de ideas sas, fortes, honradas e patrióticas.

**Luis Buceta**



# Actividades OS GALOS

2020 - 2021

É complexo expresar nunhas liñas todas as estrañas sensacións que dende a Asociación de Amigos das Embarcacións Tradicionais *Os Galos* vivimos este ano. Foron tempos duros para todos. A pandemia, a suspensión de actividades, o pasamento de Staffan Mörling, así como a imposibilidade, dadas as circunstancias, de renderlle a este unha homenaxe acorde á súa figura, foi quizais a máis negativa das experiencias deste pasado ano.

Foron moitos os impedimentos que non permitiron o desenvolvemento de actividades, debido ás restricións de sobra coñecidas.

En todo caso, hai que saber navegar á mala, adaptándonos ás circunstancias da pandemia e, tornando a vista atrás, semella que non foi mal de todo ou non todo o peor que puido ser.

Nas liñas que seguen a continuación tentaremos resumir aqueles episodios máis destacados deste anómalo curso.



Mostra de maquetismo naval

## Bueu vive o mar: I Xornadas da Cultura Mariñeira

No canto do noso tradicional Encontro, o pasado verán organizamos, en colaboración co Concello de Bueu, as Primeiras Xornadas da Cultura Mariñeira, cun programa de actividades durante toda a semana do 13 ao 19 de xullo por toda a vila, aínda que a maioría delas tiveron lugar no Estaleiro de Purro. Foi moi bonito ver albergar a este edificio, anos despois, tarefas de carpintería e manutención, coa posta a punta do Vila de Bueu, o noso meirande polbeiro. Ao seren estes traballos unhas xornadas de portas abertas, foi tamén unha ledicia ver a veciños e visitantes botar unha man.

A programación das xornadas inaugurouse coa presentación do número anterior da presente revista, dando comezo a unha semana intensa que come-

zou coa subida do bote xa citado. Así, polas mañás organizáronse diferentes obradoiros para nenas e nenos: no propio Estaleiro fomos uns privilexiados ao podermos ver como construían e daban cor ás pequenas chalanas, cunha riqueza e liberdade das que non gozamos os maiores, e moitos con grandes dotes de carpinteiros de ribeira. Por outra banda, no Museo Massó (ao que aproveitamos para agradecer, coma sempre, a súa colaboración) tivo lugar o obradoiro “Atando Cabos”, onde compañeiros da propia asociación ensináronlle aos pequechos os principais nós mariñeiros. A colaboración desta entidade culminou coa visita guiada da exposición temporal “Crecer co mar. Os gozos e as sombras dunha vila mariñeira”.



Izado de velas na Banda do Río en homenaxe a Staffan Mörling

Coma é costume, organizáronse navegacións que tiveron lugar o xoves, sábado e domingo, así como o un curso de iniciación á vela tradicional, algo frustrado pola falta de vento, pero no que, especialmente os máis pequenos, puideron bañarse e gozar dun espléndido día... e iniciarse niso do remo e a voga.

As xornadas terían o seu remate o domingo, cunha pequena homenaxe a Staffan Mörling no Estaleiro, correspondido coa solemnidade dunha izada de velas na mesma Banda do Río. Por último, os botes que alí asistiron levaron a cabo unha navegación para clausurar esta nova experiencia.

### Colaboración na gravación da curtametraxe “O Son da Balea”



Baixo a dirección de Daniel Suárez Rubini vai facer o seu estreo en pantalla a nosa dorna pequena Robaleira, gobernada por Isabel Naveira. Intervenien na curtametraxe “O Son da Balea”, unha historia que ten en Ons a súa ambientación e na que semella que a dura vida da xente do mar é parte da súa esencia. Foron dúas tardes as que compartimos co equipo de produción, e aproveitamos para facer unha pequena apoloxía do marabilloso que é colaborar con xente así. Animámosvos a que fagades unha busca en internet e vexades o teaser; pola nosa parte, devecemos por que chegue a súa estrea.

### Posta a punto das embarcacións

Se ben a nave de Pescadoira é sempre para nós coma un santuario, este ano gardou maior significación ao converterse no reduto onde, por momentos, podíamos illarnos de todo o ambiente e ruído pandémico. Obviamente, non sen complicacións, como ter que establecer quendas para non coincidir máis

xente da establecida, abafar coa máscara durante os traballos ou botar en falta aquela xente que, por momentos, non podía acudir dende outros municipios. Con todo, foi como se dixó, un mecanismo para evadirmos mediante aquelas tarefas que, sinxelas ou complicadas, son sempre reconfortantes.



Constitúe o noso día a día, con detalles e anécdotas pasaxeiras que, pola súa propia esencia, non se poden resumir nun artigo coma este.

Destacamos a botadura do *Rebello*, que despois de case dous anos de traballos de restauración volve estar ao carón do seu xemelgo *Lagoas*. Xunto co *Vila de Bueu*, son xa tres os botes polbeiros preparados para navegar.

Parécenos que non dá chegado o momento no que saian xuntos para revivir unha imaxe que probablemente foi cotiá para os paisanos da Ría de Pontevedra: a das velas guairas enchidas que lembran aos galos de mar e que foi a razón de que a xente mariñeira de Bueu fose coñecida con este alcume.

Por outra banda, tamén estamos ledos de poder dicir que, aínda que a familia de botes da Asociación é



ampla, probablemente temos unha nova dorna en camiño. Iso si, aínda que é cedo para falar de deseños, a intención é dotala dunha vela guaira, ao igual que os polbeiros, por aquilo de que se nos identifique ben dende lonxe.



Actividade de calado dunha Rapeta

Sen máis, fáisenos curto este ano o anecdotario anual. En todo caso, supoñemos que a maioría dos que estades lendo estas liñas estaredes, coma nós, desexosos de ter certa normalidade e poder rexeitar plans por non ter ocos na axenda. Dende aquí non podemos máis que mandarvos ánimos e convidarvos a pensar en positivo. Se o ano pasado viamos con nostalgia as actividades que non pudemos levar a cabo, desta volta cómpre ollarmos cara o futuro, pois semella que estamos preto de volver a poder



Actividade no taller da nave de Pescadoira

aparellar e sair a navegar sen máis preocupación que o vento, o tempo e as provisións.

Queremos agradecer, antes de rematar estas liñas, á xente e entidades que nos botastes unha man ao longo destes últimos anos e que sempre vos acordades de nós, os vosos folgos son a inmellorable forza para continuar os nosos proxectos. Sen máis, agardamos compartir vivencias con todos vós en encontros, singraduras ou pequenas navegacións. Ánimo que xa faltou máis!



# Asociación de Amigos das Embarcacións Tradicionais Bueu

